



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 599  
29 de xaneiro de 2020

Fascículo 4



# SUMARIO

---

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ **Asignación a comisión do Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia** [198565](#)

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.4. Preguntas

#### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

### Admisión a trámite e publicación

#### ■ **61861 (10/PRE-020135)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os problemas da nova fase do Plan de transporte da Xunta de Galicia [198588](#)

#### ■ **61868 (10/PRE-020136)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e 3 máis

Sobre os vertidos no río Furelos, o papel da Xunta ao respecto, así como do cumprimento da normativa ambiental en materia de residuos e verteduras [198592](#)

#### ■ **61873 (10/PRE-020137)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as residencias de maiores na área de Vigo [198595](#)

#### ■ **61878 (10/PRE-020138)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as obras no mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón, así como da xestión da hospedaría [198598](#)

#### ■ **61879 (10/PRE-020139)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre accións de rehabilitación ou mantemento do patrimonio artístico levada a cabo pola Concellería de Cultura na provincia da Coruña de 2017 a 2019, así como proxectos previstos para 2020 [198600](#)



**I 61880 (10/PRE-020140)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as accións de rehabilitación ou mantemento do patrimonio artístico levada a cabo pola Consellería de Cultura na provincia de Lugo de 2017 a 2019, así como proxectos previstos para 2020

[198601](#)

**I 61881 (10/PRE-020141)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as accións de rehabilitación ou mantemento do patrimonio artístico levada a cabo pola Consellería de Cultura na provincia de Ourense de 2017 a 2019, así como proxectos previstos para 2020

[198602](#)

**I 61882 (10/PRE-020142)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as accións de rehabilitación ou mantemento do patrimonio artístico levada a cabo pola Consellería de Cultura na provincia de Pontevedra de 2017 a 2019, así como proxectos previstos para 2020

[198603](#)

**I 61883 (10/PRE-020143)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre expedientes abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por danos ou destrución de bens arqueolóxicos na provincia da Coruña nos anos 2018 e 2019

[198604](#)

**I 61884 (10/PRE-020144)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre expedientes abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por danos ou destrución de bens arqueolóxicos na provincia de Lugo nos anos 2018 e 2019

[198605](#)

**I 61885 (10/PRE-020145)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre expedientes abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por danos ou destrución de bens arqueolóxicos na provincia de Ourense nos anos 2018 e 2019

[198606](#)

**I 61889 (10/PRE-020146)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a transferencia a Galicia das competencias ferroviarias

[198607](#)

**I 61892 (10/PRE-020147)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre expedientes abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por danos ou destrución de bens arqueolóxicos na provincia de A Coruña nos anos 2018 e 2019

[198611](#)



**I 61899 (10/PRE-020148)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**Sobre si considera a Xunta de Galicia que Lalín precisa unha ambulancia medicalizada [198612](#)**I 61902 (10/PRE-020149)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**Sobre a situación da atención sanitaria da comarca de Valdeorras [198615](#)**I 61916 (10/PRE-020150)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**Sobre as previsións do Goberno galego respecto da extensión da decisión de recortar os servizos de paritorio a outros hospitais comarcais, nomeadamente ao de Valdeorras, e os motivos desta decisión [198619](#)**I 61924 (10/PRE-020151)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**Sobre as razóns do Goberno galego para non dar resposta ás alegacións presentadas pola Asociación para a defensa do patrimonio de Galicia respecto do proxecto de ampliación da estrada LU-231 entre os concellos de Friol, Palas de Rei e Begonte, así como a valoración doutras alternativas para ese fin [198622](#)**I 61947 (10/PRE-020152)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**Sobre o coñecemento polo Goberno galego das prácticas das industrias do sector lácteo para evitar as posibles melloras dos prezos do leite, as actuacións que está a levar a cabo ao respecto e as súas razóns para suprimir a Mesa do Leite e renunciar ao seu labor de arbitraje nas relacións entre produtores e industrias [198625](#)**I 61970 (10/PRE-020153)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa incidencia para a competitividade e sustentabilidade do sector agrogandeiro de Galicia da investigación aplicada realizada polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e demais centros de investigación dependentes da Consellería do Medio Rural [198629](#)**I 61979 (10/PRE-020154)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a situación na que se atopan os edificios xudiciais da cidade de Ferrol, a data de execución da partida por importe de 2.224.000 euros reflectida no Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 para a rehabilitación do antigo edificio e os datos referidos á destinada especificamente para a re-



paración do lucernario e demais dependencias danadas das novas instalacións, así como o prazo previsto para este fin [198638](#)

#### **I 61994 (10/PRE-020155)**

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**  
**Chao Pérez, Luca e 3 máis**

Sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego respecto da implantación do denominado pin parental para participación do alumnado nas actividades complementarias dos centros [198640](#)

#### **I 62010 (10/PRE-020156)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as medidas e actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa conexión da vía Ártabra coa A-6 co fin de dar servizo á área metropolitana da Coruña, así como as súas razóns para eliminar da programación económica para esa vía o treito comprendido entre a AP-9 e a A-6 do Plan MOVE 2009-2015 [198643](#)

#### **I 62011 (10/PRE-020157)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados da implantación da Estratexia Autónoma 2020, a contía do orzamento inicial investido e os datos referidos ás actuacións implementadas, así como a súa opinión respecto do cumprimento o 31 de decembro de 2020 dos retos establecidos nela [198646](#)

#### **I 62012 (10/PRE-020158)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do servizo de pediatría que se está a prestar no concello de Cerdeda, e o prazo previsto para solucionar as deficiencias existentes [198648](#)

#### **I 62015 (10/PRE-020159)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Porritt Lueiro, María Teresa e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre a situación en que se atopa o cumprimento pola Xunta de Galicia de diversos acordos parlamentarios en relación co impacto do brexit en Galicia [198650](#)

#### **I 62022 (10/PRE-020160)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Otero Rodríguez, Patricia e Liñeiro Pouso, Encarnación**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a praga de moscas e mosquitos que vén padecendo desde hai anos o casco urbano de Ribadeo, na época de calor, a consecuencia do almacenamento indefinido de madeira no porto de Mirasol [198653](#)

#### **I 62046 (10/PRE-020161)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**



**Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da necesidade de executar un enlace de comunicación dos concellos de Punxín, Amoeiro e Maside coa autovía AG-53, as actuacións postas en marcha para o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto, así como as razóns da demora e as súas previsións referidas á realización do proxecto

[198655](#)**I 62076 (10/PRE-020162)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa adaptación do sector agrícola á normativa medioambiental europea en materia de aplicación de zurros

[198658](#)**I 62110 (10/PRE-020163)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da resposta dada ao pico de gripe, á vista dos episodios de saturación rexistrados en diversos centros hospitalarios nas últimas datas, así como respecto da incidencia que tivo a campaña de vacinación na poboación

[198661](#)**I 62111 (10/PRE-020164)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no pagamento ao persoal inspector dos incentivos establecidos nos convenios de colaboración asinados co Ministerio de Seguridade Social para o control da incapacidade temporal para os anos 2016, 2017 e 2018, así como o destino das contías recibidas para ese fin

[198663](#)**I 62120 (10/PRE-020165)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns do baixo nivel de execución que presentan os fondos europeos recibidos para o impulso das políticas de I+D+i en Galicia, así como da desviación que rexistra o gasto total nese eido en relación cos obxectivos reflectidos no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

[198665](#)**I 62165 (10/PRE-020166)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o alcance temporal previsto polo Goberno galego para o actual Programa de vivendas baleiras, a valoración da posible introdución de cambios nel e as causas dos seus resultados, así como os datos ao respecto

[198668](#)**I 62171 (10/PRE-020167)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis



Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas postas en marcha para garantir o acceso á vivenda das persoas mozas e as actuacións previstas para a súa mellora, así como para resolver o problema da emancipación xuvenil [198670](#)

**I 62176 (10/PRE-020168)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as causas das filtracións de auga rexistradas o día 16 de xaneiro de 2020 no comedor e aulas do CEIP Vales Vilamarín, de Betanzos, as actuacións previstas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para evitalas e o prazo previsto para a súa execución [198673](#)

**I 62178 (10/PRE-020169)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilar Chento, Óscar e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a repetición en Galicia, e nomeadamente na comarca de Compostela, da problemática xerada polos recortes de persoal nos servizos de pediatría dos centros de saúde, a valoración que fai do pechamento durante máis de dous meses do servizo pediátrico do Centro de Saúde de Touro e O Pino, así como da solución adoptada

[198676](#)

**I 62185 (10/PRE-020170)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar**

Sobre os datos referidos á superficie plantada na actualidade en Galicia das diversas especies de eucalipto e a cantidade cortada nos anos 2018 e 2019, así como á produción declarada nos viveiros galegos, nos anos 2016, 2017, 2018 e 2019, de planta de *Eucalyptus globulus*, *Eucalyptus nitens*, *Pinus radiata*, *Pinus pinaster* e *Pinus sylvestris*

[198679](#)

**I 62188 (10/PRE-020171)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre o estado en que se atopa a estrutura do edificio e as condicións de seguridade que presenta o CEIP Frei Luis de Granada, de Sarria, así como as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

[198681](#)

**I 62193 (10/PRE-020172)**

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

**Chao Pérez, Luca e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da solicitude de admisión de Galicia, como membro observador, na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa

[198685](#)

**I 62217 (10/PRE-020173)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre os criterios seguidos pola CRTVG para non emitir nos telexornais da TVG información referida á rolda de prensa ofrecida por un grupo parlamentario, o día 17 de xaneiro, respecto de asuntos relacionados coa conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

[198687](#)



**I 62218 (10/PRE-020174)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre o envío aos pais e nais do alumnado das escolas infantís públicas, no mes de decembro de 2019, da fotografía dos nenos e nenas xunto cunha felicitación do presidente da Xunta de Galicia

[198689](#)**I 62283 (10/PRE-020175)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre o contido do denominado consentimento informado reforzado, anunciado polo presidente da Xunta de Galicia no Hospital Comarcal de Verín, as razóns da súa esixencia nese centro e as previsións referidas á súa implantación nalgún máis, así como o prazo previsto para a recuperación da carteira de servizos do centro

[198692](#)**I 62294 (10/PRE-020176)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 5 máis**

Sobre a xustificación da non convocatoria ao alcalde de Manzaneda nin á alcaldesa da Pobra de Trives para a súa asistencia á reunión mantida o día 17 de xaneiro pola Secretaría Xeral de Igualdade co alcalde da Veiga, a alcaldesa de Larouco e os portavoces dos concellos de Manzaneda e Pobra de Trives nas súas dependencias oficiais

[198696](#)**I 62299 (10/PRE-020177)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do futuro do Centro Coreográfico Galego e do Centro Galego de Artes da Imaxe, así como o investimento da Axencia Galega das Industrias Culturais na unidades públicas de produción e filмотeca

[198699](#)**I 62307 (10/PRE-020178)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar á veciñanza que ten como centro de referencia o consultorio de Valeixe, no concello da Cañiza

[198702](#)**I 62352 (10/PRE-020179)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da adopción das medidas precisas para garantir os dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes nos centros sanitarios públicos, a súa opinión referida á suposta vulneración deses dereitos padecida por un neno e a súa nai no servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e as medidas adoptadas en relación coa denuncia presentada

[198704](#)**I 62378 (10/PRE-020180)****Grupo Parlamentario Mixto**



Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre a reapertura da unidade de partos do Hospital de Verín

[198708](#)

**I 62383 (10/PRE-020181)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Pierres López, María Luisa

Sobre a situación do edificio Teixugueiras 15-17 en Vigo, propiedade ao 51,03 % do Instituto Galego da Vivenda e Solo

[198711](#)

**I 62390 (10/PRE-020182)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a dotación de ambulancia medicalizada na comarca de Deza

[198713](#)

**I 62394 (10/PRE-020183)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o consentimento informado e reforzado para as nais que teñan os seus fillos/as no Hospital de Verín

[198718](#)

**I 62404 (10/PRE-020184)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galicia e a fundación privada Cipri Gomes

[198721](#)

**I 62409 (10/PRE-020185)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o mantemento de persoal no servizo de pediatría na comarca do Ribeiro

[198726](#)

**I 62412 (10/PRE-020186)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre o servizo de hemodinámica as 24 horas en Ourense

[198729](#)

**I 62416 (10/PRE-020187)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as isócronas operativas das ambulancias que prestan servizo na Estrada-Deza

[198731](#)

**I 62431 (10/PRE-020188)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a atención da cirurxía pediátrica en Ourense

[198734](#)



**I 62435 (10/PRE-020189)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Solla Fernández, Eva e Santos Queiruga, Carmen  
Sobre a xestión e organización das Emerxencias en Galicia

[198738](#)**I 62444 (10/PRE-020190)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre a posta en marcha das medidas recollidas na moción aprobada polo Parlamento Galego no pleno do 17 de decembro

[198740](#)

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.5. Composición das comisións**

I Resolución da Presidencia, do 28 de xaneiro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 62581)

[198573](#)

## **4. Informacións e correccións de erros**

### **4.1. Informacións**

I RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2019 pola que se aproba a Carta de servizos da Valedoría do Pobo de Galicia

[198574](#)

## **1. Procedementos parlamentarios**

### **1.1. Procedementos de natureza normativa**

#### **1.1.2. Propostas de normas**

##### **1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei**

###### **1.1.2.1.1. Proxectos de lei**

A Mesa do Parlamento, na reunión do 28 de xaneiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

### **Asignación a unha comisión polo procedemento ordinario do Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia**

- 62485 (10/PL-000025)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

Logo de oída a Xunta de Portavoces, asígnase á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## **1.4. Procedementos de información**

### **1.4.4. Preguntas**

#### **1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de xaneiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

### **Admisión a trámite e publicación**

- 61861 (10/PRE-020135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os problemas da nova fase do Plan de transporte da Xunta de Galicia

- 61868 (10/PRE-020136)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e 3 máis

Sobre os vertidos no río Furelos, o papel da Xunta ao respecto, así como do cumprimento da normativa ambiental en materia de residuos e verteduras

- 61873 (10/PRE-020137)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as residencias de maiores na área de Vigo



- 61878 (10/PRE-020138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as obras no mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón, así como da xestión da hospedaría

- 61879 (10/PRE-020139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre accións de rehabilitación ou mantemento do patrimonio artístico levada a cabo pola Consellería de Cultura na provincia da Coruña de 2017 a 2019, así como proxectos previstos para 2020

- 61880 (10/PRE-020140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as accións de rehabilitación ou mantemento do patrimonio artístico levada a cabo pola Consellería de Cultura na provincia de Lugo de 2017 a 2019, así como proxectos previstos para 2020

- 61881 (10/PRE-020141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as accións de rehabilitación ou mantemento do patrimonio artístico levada a cabo pola Consellería de Cultura na provincia de Ourense de 2017 a 2019, así como proxectos previstos para 2020

- 61882 (10/PRE-020142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as accións de rehabilitación ou mantemento do patrimonio artístico levada a cabo pola Consellería de Cultura na provincia de Pontevedra de 2017 a 2019, así como proxectos previstos para 2020

- 61883 (10/PRE-020143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre expedientes abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por danos ou destrución de bens arqueolóxicos na provincia da Coruña nos anos 2018 e 2019

- 61884 (10/PRE-020144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre expedientes abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por danos ou destrución de bens arqueolóxicos na provincia de Lugo nos anos 2018 e 2019

- 61885 (10/PRE-020145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel



Sobre expedientes abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por danos ou destrución de bens arqueolóxicos na provincia de Ourense nos anos 2018 e 2019

- 61889 (10/PRE-020146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a transferencia a Galicia das competencias ferroviarias

- 61892 (10/PRE-020147)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel  
Sobre expedientes abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por danos ou destrución de bens arqueolóxicos na provincia de A Coruña nos anos 2018 e 2019

- 61899 (10/PRE-020148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre si considera a Xunta de Galicia que Lalín precisa unha ambulancia medicalizada

- 61902 (10/PRE-020149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a situación da atención sanitaria da comarca de Valdeorras

- 61916 (10/PRE-020150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da extensión da decisión de recortar os servizos de paritorio a outros hospitais comarcais, nomeadamente ao de Valdeorras, e os motivos desta decisión

- 61924 (10/PRE-020151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as razóns do Goberno galego para non dar resposta ás alegacións presentadas pola Asociación para a defensa do patrimonio de Galicia respecto do proxecto de ampliación da estrada LU-231 entre os concellos de Friol, Palas de Rei e Begonte, así como a valoración doutras alternativas para ese fin

- 61947 (10/PRE-020152)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre o coñecemento polo Goberno galego das prácticas das industrias do sector lácteo para evitar as posibles melloras dos prezos do leite, as actuacións que está a levar a cabo ao respecto e as súas razóns para suprimir a Mesa do Leite e renunciar ao seu labor de arbitraje nas relacións entre produtores e industrias



- 61970 (10/PRE-020153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa incidencia para a competitividade e sustentabilidade do sector agrogandeiro de Galicia da investigación aplicada realizada polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e demais centros de investigación dependentes da Consellería do Medio Rural

- 61979 (10/PRE-020154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a situación na que se atopan os edificios xudiciais da cidade de Ferrol, a data de execución da partida por importe de 2.224.000 euros reflectida no Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 para a rehabilitación do antigo edificio e os datos referidos á destinada especificamente para a reparación do lucernario e demais dependencias danadas das novas instalacións, así como o prazo previsto para este fin

- 61994 (10/PRE-020155)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e 3 máis

Sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego respecto da implantación do denominado pin parental para participación do alumnado nas actividades complementarias dos centros

- 62010 (10/PRE-020156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as medidas e actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa conexión da vía Ártabra coa A-6 co fin de dar servizo á área metropolitana da Coruña, así como as súas razóns para eliminar da programación económica para esa vía o treito comprendido entre a AP-9 e a A-6 do Plan MOVE 2009-2015

- 62011 (10/PRE-020157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados da implantación da Estratexia Autónoma 2020, a contía do orzamento inicial investido e os datos referidos ás actuacións implementadas, así como a súa opinión respecto do cumprimento o 31 de decembro de 2020 dos retos establecidos nela

- 62012 (10/PRE-020158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do servizo de pediatría que se está a prestar no concello de Cerdeda, e o prazo previsto para solucionar as deficiencias existentes

- 62015 (10/PRE-020159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Porritt Lueiro, María Teresa e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña  
Sobre a situación en que se atopa o cumprimento pola Xunta de Galicia de diversos acordos parlamentarios en relación co impacto do brexit en Galicia

- 62022 (10/PRE-020160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Liñeiro Pouso, Encarnación

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a praga de moscas e mosquitos que vén padecendo desde hai anos o casco urbano de Ribadeo, na época de calor, a consecuencia do almacenamento indefinido de madeira no porto de Mirasol

- 62046 (10/PRE-020161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da necesidade de executar un enlace de comunicación dos concellos de Punxín, Amoeiro e Maside coa autovía AG-53, as actuacións postas en marcha para o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto, así como as razóns da demora e as súas previsións referidas á realización do proxecto

- 62076 (10/PRE-020162)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa adaptación do sector agrícola á normativa medioambiental europea en materia de aplicación de zuros

- 62110 (10/PRE-020163)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da resposta dada ao pico de gripe, á vista dos episodios de saturación rexistrados en diversos centros hospitalarios nas últimas datas, así como respecto da incidencia que tivo a campaña de vacinación na poboación

- 62111 (10/PRE-020164)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no pagamento ao persoal inspector dos incentivos establecidos nos convenios de colaboración asinados co Ministerio de Seguridade Social para o control da incapacidade temporal para os anos 2016, 2017 e 2018, así como o destino das contías recibidas para ese fin

- 62120 (10/PRE-020165)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns do baixo nivel de execución que presentan os fondos europeos recibidos para o impulso das políticas de I+D+i en Galicia, así como da desviación que rexistra o gasto total nese eido en relación cos obxectivos reflectidos no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto



- 62165 (10/PRE-020166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o alcance temporal previsto polo Goberno galego para o actual Programa de vivendas baleiras, a valoración da posible introdución de cambios nel e as causas dos seus resultados, así como os datos ao respecto

- 62171 (10/PRE-020167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas postas en marcha para garantir o acceso á vivenda das persoas mozas e as actuacións previstas para a súa mellora, así como para resolver o problema da emancipación xuvenil

- 62176 (10/PRE-020168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as causas das filtracións de auga rexistradas o día 16 de xaneiro de 2020 no comedor e aulas do CEIP Vales Vilamarín, de Betanzos, as actuacións previstas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para evitalas e o prazo previsto para a súa execución

- 62178 (10/PRE-020169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a repetición en Galicia, e nomeadamente na comarca de Compostela, da problemática xerada polos recortes de persoal nos servizos de pediatría dos centros de saúde, a valoración que fai do pechamento durante máis de dous meses do servizo pediátrico do Centro de Saúde de Touro e O Pino, así como da solución adoptada

- 62185 (10/PRE-020170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar

Sobre os datos referidos á superficie plantada na actualidade en Galicia das diversas especies de eucalipto e a cantidade cortada nos anos 2018 e 2019, así como á produción declarada nos viveiros galegos, nos anos 2016, 2017, 2018 e 2019, de planta de *Eucalyptus globulus*, *Eucalyptus nitens*, *Pinus radiata*, *Pinus pinaster* e *Pinus sylvestris*

- 62188 (10/PRE-020171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre o estado en que se atopa a estrutura do edificio e as condicións de seguridade que presenta o CEIP Frei Luis de Granada, de Sarria, así como as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

- 62193 (10/PRE-020172)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda





Chao Pérez, Luca e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da solicitude de admisión de Galicia, como membro observador, na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa

- 62217 (10/PRE-020173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre os criterios seguidos pola CRTVG para non emitir nos telexornais da TVG información referida á rolda de prensa ofrecida por un grupo parlamentario, o día 17 de xaneiro, respecto de asuntos relacionados coa conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

- 62218 (10/PRE-020174)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o envío aos pais e nais do alumnado das escolas infantís públicas, no mes de decembro de 2019, da fotografía dos nenos e nenas xunto cunha felicitación do presidente da Xunta de Galicia

- 62283 (10/PRE-020175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o contido do denominado consentimento informado reforzado, anunciado polo presidente da Xunta de Galicia no Hospital Comarcal de Verín, as razóns da súa esixencia nese centro e as previsións referidas á súa implantación nalgún máis, así como o prazo previsto para a recuperación da carteira de servizos do centro

- 62294 (10/PRE-020176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre a xustificación da non convocatoria ao alcalde de Manzaneda nin á alcaldesa da Pobra de Trives para a súa asistencia á reunión mantida o día 17 de xaneiro pola Secretaría Xeral de Igualdade co alcalde da Veiga, a alcaldesa de Larouco e os portavoces dos concellos de Manzaneda e Pobra de Trives nas súas dependencias oficiais

- 62299 (10/PRE-020177)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do futuro do Centro Coreográfico Galego e do Centro Galego de Artes da Imaxe, así como o investimento da Axencia Galega das Industrias Culturais na unidades públicas de produción e filмотeca

- 62307 (10/PRE-020178)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar á veciñanza que ten como centro de referencia o consultorio de Valeixe, no concello da Cañiza



- 62352 (10/PRE-020179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da adopción das medidas precisas para garantir os dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes nos centros sanitarios públicos, a súa opinión referida á suposta vulneración deses dereitos padecida por un neno e a súa nai no servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e as medidas adoptadas en relación coa denuncia presentada

- 62378 (10/PRE-020180)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre a reapertura da unidade de partos do Hospital de Verín

- 62383 (10/PRE-020181)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Pierres López, María Luisa

Sobre a situación do edificio Teixugueiras 15-17 en Vigo, propiedade ao 51,03 % do Instituto Galego da Vivenda e Solo

- 62390 (10/PRE-020182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a dotación de ambulancia medicalizada na comarca de Deza

- 62394 (10/PRE-020183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o consentimento informado e reforzado para as nais que teñan os seus fillos/as no Hospital de Verín

- 62404 (10/PRE-020184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galicia e a fundación privada Cipri Gomes

- 62409 (10/PRE-020185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o mantemento de persoal no servizo de pediatría na comarca do Ribeiro

- 62412 (10/PRE-020186)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre o servizo de hemodinámica as 24 horas en Ourense



- 62416 (10/PRE-020187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as isócronas operativas das ambulancias que prestan servizo na Estrada-Deza

- 62431 (10/PRE-020188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a atención da cirurxía pediátrica en Ourense

- 62435 (10/PRE-020189)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a xestión e organización das Emerxencias en Galicia

- 62444 (10/PRE-020190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posta en marcha das medidas recollidas na moción aprobada polo Parlamento Galego no pleno do 17 de decembro

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.5. Composición das comisións**

**Resolución da Presidencia, do 28 de xaneiro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 62581)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 62581, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia nas seguintes comisións parlamentarias:



— Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Baixa: Jesús Miguel Prado Patiño

Alta: Ana Belén García Vidal

— Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Baixa: Martín Fernández Prado

Alta: Ana Belén García Vidal

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.1. Informacións

#### **RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2019 pola que se aproba a Carta de servizos da Valedoría do Pobo de Galicia**

A Valedoría do Pobo de Galicia ten como fin estatutario e legal a defensa e a protección dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas recoñecidos na Constitución e a tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de autonomía, en especial os sancionados no seu título preliminar. Tamén garante o pleno sometemento das administracións galegas á lei e ao dereito.

A Valedoría é unha institución pública afectada polos principios que rexen o funcionamento das administracións, entre os cales se atopa o de eficacia. Nese ámbito son precisos instrumentos que permitan dar resposta á demanda social dun servizo de calidade e eficiente. Un dos medios máis útiles para garantir o bo funcionamento dos servizos das administracións é a determinación clara de todos eles e das súas condicións, o que se fai mediante as cartas de servizos. Estas téñense mostrado como instrumentos eficaces para a protección dos dereitos en relación cos servizos públicos.

O obxectivo da presente Carta de servizos é definir os que se prestan na Valedoría e as súas condicións, e facilitar a súa análise permanente e mellora progresiva en beneficio da cidadanía a través de canles de comunicación cidadá. Para iso a carta é de obrigado cumprimento, polo que todas as persoas poden exixir lexitimamente o cumprimento do previsto nela. Coa carta a Valedoría tamén persegue achegarse a todas as persoas e facilitarlles o coñecemento exhaustivo do seu funcionamento para garantir os dereitos respecto da propia institución.

Coa aprobación da presente carta dáse cumprimento a unha condición previa e ineludible para garantir o dereito a unha boa administración, regulado no artigo 41 da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea.



A Valedoría ten en vigor un Código de boa conduta e unha Carta de servizos, pero ambos foron superados tanto pola práctica da propia institución como pola demanda de servizos integrais, eficientes e satisfactorios para toda a cidadanía de Galicia.

A presente Carta de servizos é o compromiso da Valedoría ante a cidadanía para a prestación dun servizo de calidade por medio da definición do seu funcionamento integral e transparente. Para iso inclúe un catálogo de dereitos dos usuarios da institución respecto de cada un dos seus servizos, e os compromisos de conduta individual e institucional en relación con todos eles. Co fin de garantir de forma adecuada tamén se incorporan mecanismos de control e medios de participación para a mellora progresiva dos servizos.

Finalmente, a carta pretende servir de impulso para a xeneralización destes instrumentos de boa administración en todos os servizos públicos.

Polo exposto e en virtude das atribucións que me confiren a Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedoría do Pobo, e o artigo 7 do Regulamento de organización e funcionamento da Valedoría, unha vez informada e oída a Xunta de Coordinación na súa sesión de 19 de decembro de 2019,

#### RESOLVO:

Aprobar a Carta de Servizos da Valedoría do Pobo, nos termos expresados no texto articulado que se xunta.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2019  
Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo

### CARTA DE SERVIZOS DA VALEDORÍA DO POBO DE GALICIA

#### CAPÍTULO I

#### **Disposicións xerais**

##### *Artigo 1. Natureza e funcións da institución*

1. A Valedoría do Pobo é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito da Comunidade Autónoma, dos dereitos comprendidos no título I da Constitución e dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de autonomía, en especial, os sancionados no seu título preliminar. Tamén garante o sometemento pleno das administracións galegas á lei e ao dereito e exerce as demais funcións que lle atribúe a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

2. Para cumprir eses fins supervisa a actividade da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como a da Administración local naquelas materias que son competencia da nosa comunidade e dá conta da súa actividade ao Parlamento de Galicia e a través del todas as persoas.



3. Para eses mesmos fins pode actuar ante outras administracións ou ante entidades privadas que presten servizos públicos esenciais, a través dos mecanismos de colaboración establecidos legalmente ou por medio de acordos formais ou informais.

4. Para o cumprimento dos fins citados a Valedoría realiza as valoracións que procedan e, no caso de considerar necesaria a emenda da actuación das administracións galegas, formúlalles valoracións indicativas ou, se procede, suxestións, recomendacións, recordatorios de deberes legais e advertencias.

5. Como comisionado da transparencia, a institución investiga posibles incumprimentos dos poderes públicos e demais suxeitos obrigados en materia de transparencia activa, ben por iniciativa propia ou por denuncia da cidadanía, e formula os requirimentos de emenda que correspondan. Tamén asesora e responde as consultas sobre transparencia dos suxeitos obrigados e da cidadanía; adopta recomendacións en materia de transparencia e bo goberno, despois de oír a Comisión da Transparencia; emite informe previo sobre proxectos de lei ou regulamentos en materia de transparencia e bo goberno, oída a Comisión da Transparencia; e exerce as demais funcións que lle encomende calquera outra norma.

6. A Comisión da Transparencia, adscrita á Valedoría, resolve os recursos ou reclamacións fronte ás resolucións expresas ou presuntas de acceso á información pública emanadas das administracións galegas.

7. A Valedoría desenvolve as funcións previstas na Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, con separación das encomendadas en materia de transparencia.

## Artigo 2. *Obxecto da Carta de servizos*

A Carta de servizos da Valedoría do Pobo ten por obxecto poñer en coñecemento da cidadanía os servizos que presta, as normas básicas que rexen a súa actuación, os dereitos das persoas usuarias na súa relación coa institución e os seus compromisos de calidade. Así mesmo, ten a finalidade de garantir a progresiva mellora dos servizos e a participación das persoas na súa análise a través de reclamacións e suxestións.

## Artigo 3. *Natureza da Carta de servizos*

A Carta de servizos é unha instrución de obrigado cumprimento para todas as persoas ao servizo da Valedoría.

## Artigo 4. *Réxime xurídico da institución*

A Valedoría do Pobo réxese polas seguintes normas:

- Artigo 14 da Lei orgánica 1/1981, do 6 abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.
- Artigos 11, 18, 19, 20 e 21 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Artigo 44 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia.



- Disposición derradeira segunda da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 36/1985, do 6 de novembro pola que se regulan as relacións entre a institución do Defensor do Pobo e as figuras similares nas distintas comunidades autónomas.
- Resolución do 22 de xaneiro de 2018 pola que se dispón a publicación do Regulamento de organización e funcionamento da Valedoría do Pobo.
- Estatuto do persoal do Parlamento de Galicia.

## CAPÍTULO II

### Normas básicas

#### Artigo 5. *Obriga de actuación de acordo coas normas básicas e garantía de cumprimento da carta*

A Valedoría e o persoal ao seu servizo actuarán de acordo coas normas básicas que se expresan no presente capítulo, que teñen por fin garantir a prestación dun servizo de calidade. Asegurarase o seu cumprimento a través dos medios que resulten precisos, entre eles a recepción, a tramitación e a resolución das reclamacións e suxestións da cidadanía.

#### Artigo 6. *Obxectividade, legalidade e eficacia*

O persoal ao servizo da institución actuará servindo con obxectividade o interese xeral e con sometemento pleno á Constitución, ao Estatuto de autonomía de Galicia e á lei e ao dereito, e de acordo co principio de eficacia.

#### Artigo 7. *Boa fe e dedicación plena*

O persoal da institución exercerá as súas funcións de boa fe e coa dilixencia debida. Tamén actuará con plena dedicación, sen prexuízo das excepcións legalmente previstas.

#### Artigo 8. *Obxectividade, imparcialidade e independencia*

1. O persoal da institución exercerá as súas funcións de acordo cos fins propios da Valedoría e evitará accións que poidan poñer en risco o cumprimento desas funcións ou o interese público.
2. A actuación do persoal no exercicio das súas funcións responderá aos principios de independencia e imparcialidade. En especial prescindirase de calquera orientación dos asuntos que poidan ter a súa causa en intereses persoais ou influencias externas.
3. O persoal absterase de participar no trámite de calquera procedemento ou na adopción dunha decisión sobre un asunto que afecte os seus propios intereses u ao dos seus familiares ou achegados, ou cando conorra amizade íntima ou inimidade manifesta.

#### Artigo 9. *Ausencia de discriminación*

No exercicio das súas funcións o persoal da institución garantizará a igualdade de trato e evitará calquera tipo de discriminación por razón de nacionalidade, idade, sexo, orientación sexual, raza, orixe



étnica, relixión, crenzas, opinións políticas, ideas, diversidade funcional, características xenéticas, lingua, recursos económicos ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

#### Artigo 10. *Especial atención ás persoas vulnerables e á igualdade de xénero*

No desenvolvemento das súas funcións a Valedoría prestará especial atención ás persoas vulnerables por calquera causa de carácter persoal ou social e, así mesmo, á garantía e promoción da igualdade de xénero.

#### Artigo 11. *Protección do interese público*

O persoal xestionará, protexerá e conservará adecuadamente os recursos institucionais, que non se utilizarán para actividades que non sexan as propias da Valedoría, non se valerá da súa condición para obter vantaxes, non aceptará regalos, salvo os protocolarios de acordo cos límites e usos previstos, que en todo caso pasarán a formar parte do inventario institucional, e rexeitará favores ou servizos que poidan condicionar o desenvolvemento das súas funcións.

#### Artigo 12. *Motivación e alternativas*

1. Todas as valoracións e resolucións da institución serán motivadas, razoando de forma clara o criterio aplicado e a súa legalidade.
2. A non admisión a trámite das queixas motivarase de acordo coas causas expresadas legalmente. Na resposta expóranse con detalle as posibles alternativas para a defensa dos dereitos e intereses lexítimos do reclamante.

#### Artigo 13. *Reserva, protección de datos e confidencialidade*

1. O persoal gardará reserva absoluta en relación cos feitos e informacións de que tiveren coñecemento no exercicio das súas funcións ou con ocasión delas.
2. As actuacións da institución garantirán o dereito á protección dos datos de carácter persoal obxecto de tratamento.
3. O trámite das queixas e o seu contido é confidencial, sen prexuízo do contido dos informes ao Parlamento de Galicia, de acordo coa Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e da publicidade que se dea ás resolucións. En calquera caso, os informes e as resolucións publicadas disociarán os datos persoais.

#### Artigo 14. *Cortesía, dilixencia e desculpas por erros*

1. O persoal da institución actuará dun xeito cortés, respectuoso e con dilixencia cara ás persoas que demanden calquera dos seus servizos, tanto en entrevistas persoais como nas comunicacións por calquera medio.
2. Se se apreciar un erro que afecte negativamente os dereitos ou intereses lexítimos de calquera persoa usuaria, a institución presentará as súas desculpas, sen prexuízo de calquera outra consecuencia que proceda.





### Artigo 15. *Transparencia*

1. A institución desenvolverá a súa actividade con transparencia, informando de oficio de todos os contidos previstos nas leis e garantindo o acceso á información pública no seu ámbito, con aplicación dos límites previstos na normativa de transparencia.
2. A institución facilitará aos promotores das queixas un medio sinxelo e seguro para a consulta do expediente a través da sede electrónica.

### Artigo 16. *Preferencia no uso da lingua propia de Galicia*

Nas comunicacións orais e escritas cos cidadáns o persoal ao servizo da institución utilizará o galego, como lingua propia de Galicia. Porén, cando calquera persoa exprese o seu desexo de uso do castelán, as comunicacións realizaranse nesa lingua.

### Artigo 17. *Accesibilidade*

A institución poñerá á disposición dos usuarios dos seus servizos os medios necesarios para a accesibilidade universal e sen discriminación por razóns da diversidade funcional.

### Artigo 18. *Celeridade e simplicidade*

1. O trámite e resolución das queixas debe darse o máis axiña posible e, como máximo, nos prazos expresados no capítulo V desta Carta. En calquera caso, simplificaranse os trámites, evítanse actuacións innecesarias e reduciranse ao máximo os tempos de espera.
2. As queixas resolveranse de forma urxente e a través dos medios máis áxiles posibles cando a situación o requira.

### Artigo 19. *Gratuidade dos servizos e compensación de gastos*

1. Todas as actuacións da institución serán gratuítas.
2. Os gastos efectuados ou os prexuízos materiais causados aos particulares que non promovesen a queixa, por seren chamados a informar pola Valedoría, serán compensados con cargo ao seu orzamento, unha vez xustificadas debidamente.

### Artigo 20. *Colaboración*

As relacións coas institucións e administracións desenvolverase de acordo cos principios de cooperación e lealdade e terán como obxectivo garantir os dereitos da cidadanía de xeito rápido e eficaz.

### Artigo 21. *Participación cidadá*

A prestación dos servizos acompañarase de sistemas e métodos que permitan ás persoas e entidades participar de forma activa no desenvolvemento das funcións institucionais, a través do con-



tacto directo por calquera medio e polos medios habilitados na web e na sede electrónica da Valedoría.

#### Artigo 22. *Innovación e calidade*

A institución promoverá a innovación e mellora progresiva dos instrumentos para a prestación dos seus servizos e con tal fin incorporará as novas tecnoloxías de información e comunicación.

#### Artigo 23. *Desenvolvemento sustentable dos servizos e respecto do ambiente*

A institución desenvolverá as súas funcións con responsabilidade ambiental, de forma sustentable e co máximo respecto do ambiente.

### CAPÍTULO III

#### **Dereitos das persoas usuarias dos servizos da Valedoría**

#### Artigo 24. *Dereitos das persoas usuarias*

Nas súas relacións coa Valedoría todas as persoas teñen os seguintes dereitos:

1. Á prestación dos servizos con respecto das normas básicas previstas no capítulo II da presente carta.
2. A obter información clara e completa sobre a actividade da institución e sobre os medios para contactar con ela.
3. A presentar queixas cando consideren que podería ser vulnerado calquera dos seus dereitos e liberdades constitucionais e estatutarios, ou por calquera irregularidade administrativa.
4. A presentar as consultas que se consideren no ámbito das funcións da institución.
5. A presentar recursos ante a Comisión da Transparencia e solicitudes ou denuncias ante o comisionado da Transparencia.
6. A recibir toda a información e orientación sobre a presentación de queixas, consultas, recursos ante a Comisión da Transparencia e solicitudes ou denuncias ante o comisionado da Transparencia, e sobre as posibles alternativas en defensa dos dereitos e intereses lexítimos, se non procede a intervención da Valedoría.
7. A recibir aviso da recepción de recibo da presentación de escritos que promovan calquera dos procedementos competencia da institución, a que se tramiten con celeridade e eficacia e a obter unha resposta expresa e motivada, de acordo co disposto no capítulo V da presente carta.
8. A presentar alegacións en calquera momento do trámite das queixas e a pedir a súa reapertura.
9. A solicitar a verificación do cumprimento íntegro das resolucións aceptadas ou de calquera outro compromiso das administracións ou suxeitos supervisados con motivo das queixas.



10. A recibir os servizos de forma universal, de tal forma que se garantan con carácter xeral para as persoas con diversidade funcional, coas adaptacións específicas no caso de seren precisas.
11. A recibir as comunicacións escritas ou verbais nunha linguaxe sinxela e comprensible para todas as persoas e a solicitar e obter cantas aclaracións sexan necesarias para a total comprensión dos documentos do expediente.
12. A ser atendidas en igualdade de condicións e sen discriminación, de acordo co previsto no capítulo II da presente carta.
13. A coñecer a identidade da persoa que a atende e da que teña encomendada a tramitación do seu expediente, o que se indicará na primeira comunicación escrita.
14. A coñecer a información que sexa relevante para garantir a transparencia da actividade da Valedoría, nos termos previstos na normativa de transparencia.
15. A relacionarse coa institución a través de medios electrónicos ou mediante medios convencionais de comunicación, á elección da persoa usuaria.
16. A coñecer os horarios de atención ao público e a súa modificación por razóns xustificadas ou previamente establecidas.
17. A coñecer os diferentes medios para contactar coa institución, especialmente o enderezo, o número de teléfono, o fax e o correo electrónico, que se indicarán en todas as comunicacións escritas.
18. A consultar os fondos documentais de que sexa titular a institución, logo de autorización.
19. A que se protexan os seus datos persoais, ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e á información dos dereitos neste ámbito.
20. A solicitar entrevista e recibir atención persoal por parte do persoal da Valedoría.
21. A coñecer en todo momento a referencia do expediente que se promove, o seu curso e o estado de tramitación, e a formular alegacións, achegar documentos e a obter copia dos presentados.
22. A coñecer o contido dos expedientes que promovan, logo de disociación dos datos persoais.
23. A ser informadas detalladamente das razóns que impidan dar a contestación nos prazos previstos no capítulo V da presente carta.
24. A promover reclamacións e suxestións en relación co funcionamento da Institución, nas condicións establecidas no capítulo VI da presente carta.



## CAPÍTULO IV

### Servizos da Valedoría

#### Artigo 25. *Relación de servizos*

Para cumprir as funcións que legalmente ten asignadas, a Valedoría presta os seguintes servizos:

1. Xerais: a) Recepción, remisión e rexistro de solicitudes, escritos e comunicacións a través do rexistro ordinario e do rexistro electrónico. b) Creación e mantemento dunha sede electrónica que posibilite á cidadanía o acceso por medios electrónicos seguros á información e servizos que presta. c) Mantemento e actualización da web. d) Comunicación continuada co persoal técnico da Valedoría no horario de atención que se especifica na carta. e) Comunicación coa persoa titular da institución, da adxuntía ou co persoal técnico, de forma presencial, con cita previa, ou por outros medios.

2. En relación coas queixas: a) Tramitación e resolución das queixas admitidas a trámite nos prazos e demais condicións previstos no capítulo V desta carta. b) Atención e orientación das queixas que non sexan admitidas a trámite, nos mesmos prazos e condicións, coa motivación detallada que corresponda. c) Apertura e tramitación de queixas de oficio.

3. En relación coas consultas: atención, información e orientación das consultas recibidas, nos prazos e demais condicións previstos nesta carta.

4. En relación coas funcións da Valedoría en materia de transparencia: a) Exame de posibles incumprimentos dos poderes públicos e demais suxeitos obrigados en materia de transparencia activa, ben por iniciativa propia ou por denuncia da cidadanía, e formular os requirimentos de emenda que correspondan. b) Asesorar e responder consultas sobre transparencia dos suxeitos obrigados e da cidadanía. c) Adoptar recomendacións en materia de transparencia e bo goberno, despois de oír a Comisión da Transparencia. d) Informar con carácter previo sobre proxectos de lei ou regulamentos en materia de transparencia e bo goberno, oída a Comisión da Transparencia. e) Poñer os medios precisos para o funcionamento ordinario da Comisión da Transparencia, órgano colexiado adscrito á Valedoría, e tramitar e resolver as reclamacións ou recursos promovidos contra resolucións das solicitudes de información pública das administracións galegas. g) Responder ás solicitudes de información pública. h) Publicar na web de forma periódica e actualizada toda a información preceptiva e a de interese, como as publicacións, resolucións e comunicados, baixo a rúbrica «portal de transparencia».

5. En relación coa promoción dos dereitos: a) Elaboración e publicación dos informes anuais que dean conta do traballo da institución. b) Elaboración e publicación de informes especiais. c) Elaboración e publicación de estudos monográficos de interese. d) Difusión das resolucións formuladas como consecuencia das queixas. e) Petición motivada de recursos de inconstitucionalidade ou de amparo ante o Tribunal Constitucional por parte do Defensor do Pobo, de oficio ou logo de solicitude. f) Consulta do fondo bibliográfico, coa autorización correspondente. g) Desenvolvemento doutras actividades de promoción, protección, divulgación e defensa dos dereitos e liberdades, para o que pode establecer fórmulas de cooperación coas administracións públicas, as universidades e outras entidades públicas ou privadas. h) Colaboración coas universidades galegas na atención de estudantes en prácticas.



6. A Valedoría prestará calquera outro servizo que considere necesario para o exercicio das súas funcións institucionais.

#### Artigo 26. *Áreas de atención de queixas e consultas*

No tratamento das queixas e consultas a institución conta coas seguintes áreas de traballo:

Administración económica e transportes; agricultura, gandaría, pesca e medio rural; corporacións locais e servizos municipais; cultura, turismo e deportes; dereitos lingüísticos; discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero; educación; emigración; emprego público e traballo; garantía dos dereitos dixitais; igualdade de xénero; industria e comercio; medio ambiente; menores; obras públicas e expropiacións; servizos sociais; sanidade; seguridade cidadá e protección civil; transparencia; urbanismo; vivenda e desafiuzamentos; xustiza; e calquera outras que determine a persoa titular.

### CAPÍTULO V **Compromisos de calidade**

#### Artigo 27. *Compromisos de calidade e prazos*

A relación de servizos da Valedoría e os dereitos recollidos na carta prestaranse conforme os seguintes compromisos de calidade:

1. Operatividade da sede electrónica: todos os días, nas condicións de seguridade previstas e sen prexuízo das paradas técnicas polo tempo estritamente necesario.

2. Operatividade da web: todos os días, de xeito accesible mediante os medios adecuados, e cos contidos actualizados de transparencia activa previstos na normativa e a actividade institucional de maior interese para a cidadanía, incluídos os informes, estudos e outras publicacións (o día da súa presentación), as resolucións (aos dez días da formulación) e a axenda da persoa titular.

3. Rexistro dos documentos: o mesmo día da presentación, e os documentos electrónicos na data e hora de presentación na sede electrónica.

4. Trámite das queixas:

– Aviso de recepción, no prazo 3 días hábiles.

– Admisión a trámite ou inadmisión, no prazo de 5 días hábiles desde o rexistro de entrada ou, se for o caso, desde a súa corrección. Cando a complexidade do suposto ou outras circunstancias excepcionais ou organizativas impidan dar unha resposta nese prazo, informárase a persoa afectada cando o requira, xunto co novo prazo, que non poderá superar outros 5 días.

– Reiteración dos requirimentos de informe unha vez transcorrido o prazo: o día do vencemento do prazo de 15 días hábiles, cun requirimento de envío urgente.



– Outras reiteracións dos requirimentos: realizarase unha xestión directa para urxir o envío da información e, no caso de non ser atendida, advertirase formalmente das medidas legalmente previstas para os supostos de falta de colaboración informativa.

– Resolver sobre as queixas: no prazo de 15 días desde a conclusión das dilixencias de investigación, salvo cando a complexidade do suposto ou outras circunstancias excepcionais ou organizativas impidan dar unha resposta nese prazo, do cal se informará a persoa afectada cando o requira, xunto co novo prazo, que non poderá superar outros 15 días.

– Información sobre o curso da queixa: no prazo de 3 meses dende a súa presentación. Esta información entenderase cumprida se recentemente se indica se o dito curso e as previsións, ou se de seguido se vaia dar conta dalgún dos trámites da queixa.

Na información farase constar de forma específica se o prazo venceu pola demora na información que debe proporcionar a Administración ou porque nese intre se atopa pendente a valoración e resposta da Valedoría. Neste último caso indicárase a data previsible de resposta, de acordo co previsto no anterior parágrafo.

5. Trámite das consultas: resposta no prazo dun mes.

6. Resolución das reclamacións ante a Comisión da Transparencia: no prazo de 3 meses, de acordo co previsto na normativa reguladora da materia.

7. Trámite dos expedientes do Comisionado da Transparencia: no prazo máximo dun mes, contado desde que se recibise a información requirida, se for o caso.

8. Atención presencial, sen necesidade de cita previa e no horario de atención ao público. O horario será das 9.00 ás 14.30 e das 16.30 ás 19.00 horas, todos os días laborables. Calquera alteración xustificada do horario será anunciada na sede e na web.

9. Entrevista co persoal técnico, con cita previa. A resposta darase nun prazo de 10 días desde a solicitude. Rexeitaranse as entrevistas reiterativas ou carentes de fundamento.

10. Comunicacións telefónicas: a resposta realizarase achegando o nome da institución e o da persoa que as atende, dun xeito cortés. A persoa receptora desviará a comunicación a quen resulte competente. Responderase en horario de atención ao público. Cando as necesidades do servizo impidan a comunicación telefónica coa persoa competente, ofrecerase a posibilidade de facilitar a identidade e o número de teléfono a fin contactar o máis axiña posible.

11. Comunicacións telefónicas co servizo automático de información e gravación de mensaxes fóra do horario de atención ao público: contactarase coa persoa no día laborable seguinte.

12. Xestión das facturas de provedores: conformidade nun prazo de 15 días desde a presentación, e pagamento en 10 días desde a conformidade.

## Artigo 28. *Indicadores de calidade*

Para coñecer os niveis de calidade dos servizos a Valedoría utilizará os seguintes indicadores:



- O tempo medio de resolución, contado desde que se reciba toda a información requirida.
- O tempo de pagamento dos provedores desde a conformidade. Os resultados figurarán na web da institución.

## CAPÍTULO VI

### Formas de participación, reclamacións e suxestións

#### Artigo 29. *Formas de participación*

1. Todas as persoas ou entidades usuarias dos diferentes servizos da institución poden participar na súa mellora a través dos seguintes medios: a) Os escritos que se dirixan á Valedoría como reclamacións e suxestións. b) As canles de colaboración con entidades de iniciativa social. c) A atención ás persoas ou entidades que reclamen a análise da Valedoría nun asunto de interese.
2. A institución promoverá o encontro periódico e, de ser necesario, con urxencia, coas entidades promotoras dos dereitos das persoas, en especial coas representativas das persoas en situación ou risco de exclusión social, con diversidade funcional e, en xeral, das persoas con risco de sufrir discriminación.

#### Artigo 30. *Reclamacións e suxestións*

1. As reclamacións poden promoverse en caso de advertirse calquera anomalía relacionada co funcionamento dos servizos da institución, e as suxestións en caso de apreciar iniciativas para mellorar ou corrixir o funcionamento deses servizos.
2. Non se considerarán reclamacións ou suxestións os escritos que conteñan discrepancias cos criterios expresados nas valoracións das queixas; estes tramitaranse como incidentes no seo do correspondente procedemento.
3. Non se admitirán a trámite as reclamacións que se refiran ao exercicio autónomo e segundo o seu criterio das funcións propias da persoa titular.
4. O dereito a formular reclamacións e suxestións exercerase mediante o rexistro do correspondente escrito. Pode presentarse en calquera formato ou soporte e deberá conter os datos identificativos e o enderezo postal ou electrónico da persoa promotora.
5. Para facilitar a súa formulación, a páxina de inicio da web habilitará unha caixa denominada «reclamacións e suxestións» co correspondente formulario. Tamén se proporcionará o mesmo formulario ás persoas que as promovan de forma presencial. O persoal da institución prestará auxilio no caso de solicitarse.

#### Artigo 31. *Trámite das reclamacións e suxestións*

As reclamacións e suxestións dirixiranse á persoa titular da institución e o seu trámite corresponde á Secretaría Xeral, que recadará a información precisa antes de propor a resposta da per-



soa titular. En calquera caso, recadarase información dos técnicos ou responsables das áreas ou servizos concernidos. A contestación producirase no prazo de 15 días, salvo que teñan que realizarse outras actuacións. A contestación expoñerá as actuacións realizadas e, se for o caso, as medidas adoptadas.

## CAPÍTULO VII

### Unidade responsable e difusión da carta

#### Artigo 32. *Unidade responsable da carta*

A Secretaría Xeral será a unidade encargada de velar polo cumprimento dos dereitos e compromisos desta carta. Para estes efectos, desenvolverá as actuacións precisas para a súa efectividade; impulsará as accións de mellora dos servizos; e propondrá á persoa titular da institución as respostas ás reclamacións e suxestións e as medidas que delas se deduzan.

#### Artigo 33. *Difusión da carta*

A presente carta de servizos publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e atoparase dispoñible na web institucional.

#### Disposición transitoria primeira

As previsións sobre curso e prazos da presente carta de servizos afectarán os trámites dos procedementos que comecen logo da súa entrada en vigor.

#### Disposición transitoria segunda

Todos os contidos da presente carta condicionados á entrada en servizo da sede electrónica da institución terán efectividade desde a data en que se resolva a posta en funcionamento desa sede.

#### Disposición derogatoria

Derróganse o Código de boa conduta administrativa do Valedor do Pobo, aprobado por Resolución do 17 de decembro de 2004 (DOG núm. 53, de 17 de marzo de 2005), e a anterior carta de servizos da institución.

#### Disposición derradeira

A presente carta de servizos entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.





## ANEXO

## Enderezos postais, telefónicos e telemáticos

## 1. Valedoría do Pobo:

- Enderezo e atención presencial: rúa do Hórreo, 65, 15701 Santiago de Compostela (A Coruña).
- Contacto telefónico: (0034) 981 56 97 40/(0034) 626 20 81 99.
- Fax: (0034) 981 57 23 35
- Enderezo da internet: [www.valedordopobo.gal](http://www.valedordopobo.gal)
- Correo electrónico: [valedor@valedorpobo.gal](mailto:valedor@valedorpobo.gal)
- Caixa de reclamacións e suxestións: [reclamacions@valedorpobo.gal](mailto:reclamacions@valedorpobo.gal) [suxestions@valedorpobo.gal](mailto:suxestions@valedorpobo.gal)

## 2. Comisionado da Transparencia:

- Enderezo e atención presencial: rúa do Hórreo, 65, 15701 Santiago de Compostela (A Coruña).
- Contacto telefónico: (0034) 981 56 97 40/(0034) 626 20 81 99.
- Fax: (0034) 981 57 23 35.
- Enderezo da internet: [www.valedordopobo.gal](http://www.valedordopobo.gal)
- Correo electrónico: [valedor@valedorpobo.gal](mailto:valedor@valedorpobo.gal)

## 3. Comisión da Transparencia:

- Enderezo e atención presencial: rúa do Hórreo, 65, 15701 Santiago de Compostela (A Coruña).
- Contacto telefónico: (0034) 981 56 97 40/(0034) 626 20 81 99.
- Fax: (0034) 981 57 23 35.
- Enderezo da internet: [www.comisiondatransparencia.gal](http://www.comisiondatransparencia.gal)
- Correos electrónicos: [info@comisiondatransparencia.gal](mailto:info@comisiondatransparencia.gal) e [reclamacions@comisiondatransparencia.gal](mailto:reclamacions@comisiondatransparencia.gal)





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de xaneiro de 2020 comezaba, con meses de atraso, unha nova fase de aplicación do Plan de transporte da Xunta de Galiza, con diversos problemas que amosan como a falta de planificación, previsión, estudo e diálogo cos sectores afectados trouxeron novamente graves e repetidos problemas. Unha situación na que chove sobre mollado e se demostrou que a Xunta de Galiza non quixo aprender dos problemas anteriores doutras fases e doutros territorios.

Entre os problemas máis grandes está o da suba indiscriminada do prezo en varias liñas. Por exemplo, Viana-Verín de 1,40 a máis de 4 euros, Verín-Ourense de 4,55 a 6 euros, Xinzo-Ourense de 2,35 a 3,50 euros e dentro desta liña, Allariz-Ourense de 1,55 a 2,00 euros. Esta situación ten orixe en que é falso que haxa tarifas homoxéneas como prometía a Xunta de Galiza e en que o anterior proceso fracasado primou en exceso o prezo de forma que tiveron lugar baixas temerarias que baixaron os prezos que agora soben en exceso. Así mesmo,



ten a orixe en que nos criterios desta nova fase non se articula unha política que estableza uns mínimos e máximos de prezo.

Como agravante desta situación salienta que isto afecta a moita mocidade que vai facer ciclos ou especialidades de bacharelato á cidade por non atopalos na súa cidade de orixe. Máis aínda, discriminados e discriminadas porque hoxe Ourense non ten gratuidade para as e os menores de 21 anos como tampouco ten transporte metropolitano.

A estas cuestións engadíronse unha páxina web sen funcionar adecuadamente, falta de información nas paradas, incorrecta aplicación da imaxe corporativa, escaseza de buses, inadecuación das liñas e un longo etcétera.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como xustifica o goberno galego os problemas da aplicación desta nova fase do plan de transporte?

Como valora os feitos acontecidos nos primeiros 15 días do ano? Estabeleceu correccións, cales?

Considera o goberno galego xustifico o incremento de prezos nas liñas de Viana, Verín, Xinzo, Allariz e Ourense? Vaise responsabilizar desta situación vía orzamentos da Xunta? Cales son os motivos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por que as e os menores de 21 anos de Ourense teñen menos dereitos que as e os rapaces doutros territorios?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2020 11:15:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2020 11:15:40**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2020 11:15:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2020 11:16:10**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2020 11:16:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2020 11:16:39**



## Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado 31 de decembro de 2019, producíase o enésimo vertido no río Furelos. Enésimo vertido que sofren as augas deste río, mais tamén a contorna (Camiño de Santiago francés e LIC “Serra do Careón”), vertidos procedentes da zona industrial do concello de Melide.

Estes vertidos son continuados e proceden de empresas localizadas no polígono industrial da Magdalena desde o comezo da súa existencia. Vertidos que o Grupo Parlamentario Socialista leva denunciando desde o ano 2015. Xa por aquel entón o deputado Xosé Sánchez Bugallo pedía comprobar *in situ* como varios colectores de augas fecais vertían a caño libre chegando ao rego de Reboredo, afluente do río Furelos.

Verteduras que se repiten no tempo e que no pasado mes de xullo de 2019 xa remataron coa vida de máis de 10.000 troitas, escalos e outras especies do río Furelos. Como así ten denunciado ante a Consellería de Medio Ambiente e o Seprona a Asociación de Troiteiros Río Furelos.

Un problema medioambiental que naceu cos gobernos municipais do PP en Melide e que a anterior alcaldesa entre 2004 e 2007 e entre 2011 e 2015 e agora actual conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, non só non se preocupou en tentar resolver senón que ata chegou a ignorar a situación mirando cara a outro lado (nin tampouco a súa sucesora tamén “popular”, Dalia García). Un problema medioambiental que gobernos locais responsables terían que ter previsto e evitado, se no seu debido tempo esixisen ás empresas, hoxe infractoras, cumprir as ordenanzas municipais cando se instalaron neste chan industrial. E, sobre todo, cando estas mesmas empresas solicitaron ampliacións para as súas actividades.

Pola contra, nada se fixo, dando lugar a que o problema, lonxe de se solucionar, co paso do tempo se agravase. É máis, a gravidade do asunto é tal, que agora o asunto xa está no xulgado de Instrución da Arzúa.



Este grupo parlamentario leva anos demandando solucións. Sen ir máis lonxe, no pasado período de sesións solicitaba, vía emenda ao Proxecto de orzamentos da Xunta 2020, a dotación orzamentaria suficiente para a construción dunha EDAR no polígono industrial da Madalena en Melide, co fin de rematar dunha vez por todas con este gravísimo problema medioambiental. Emenda que foi rexeitada polo grupo que sostén o Goberno, o Grupo do Partido Popular. Emenda que, para máis *Inri*, solucionaba un problema que é de sobra coñecido pola actual conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez.

A Sra. conselleira que ten unha gran parte de responsabilidade neste asunto, xa que nada ten feito para intentar remedialo, pouco ou nulo interese veu mostrando, agás esta última e recente etapa que coincide co cambio no bastón de mando na alcaldía de Melide.

Agora, despois de anos de desleixo, parece mostrar preocupación, dilixencia e incluso poderíamos afirmar unha actitude de belixerancia co Concello de Melide.

Desde o noso Grupo, lamentamos que non se teña mostrado esta mesma actitude de dilixencia, contundencia e belixerancia parlamentaria á hora de defender a emenda presentada por este grupo parlamentario cando solicitaba unha dotación orzamentaria para dotar ao Polígono da Magdalena, en Melide, dunha estación depuradora de augas residuais.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Pode afirmar o Goberno galego que está a cumprir a normativa ambiental en materia de residuos e verteduras?

2ª. Que motivo, ou motivos, xustifican que a Xunta de Galicia sendo coñecedora do serio problema medioambiental, desde o período comprendido entre o ano 2007 ata o mes de maio de 2019, non mostrase máis dilixencia e contundencia neste asunto?

3ª. Considera a Xunta de Galicia que, como promotor deste chan industrial, non ten responsabilidade no tema?

4ª. Que motivos xustifican que o Goberno galego, sendo coñecedor, das distintas actuacións que se están a levar a cabo desde hai máis dunha década por parte do Persoal de Control de Vertidos de Galicia, non tomase ningunha decisión para intentar solucionar este problema medioambiental?



5ª. Que medidas, a curto e medio prazo, ten pensado adoptar o Goberno Galego en relación con este asunto medioambiental?

6ª. Ten intención o Goberno galego de consignar unha dotación orzamentaria suficiente para a construción urxente dunha EDAR no Polígono Industrial da Madalena? Cando?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 17/01/2020 10:46:57**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2020 10:48:39**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 10:48:53**

**María Luisa Pierres López na data 17/01/2020 10:49:07**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo**, deputada do Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Na área de Vigo hai un grave déficit de prazas públicas en residencias para maiores, cunha das dotacións máis baixas do Estado. Este déficit vense arrastrando desde hai anos, nos que non se produciu inversión pública cando en Vigo hai 72.000 persoas xubiladas e só se dispón de 2.080 prazas de residencias para maiores (sen contar centros de día) das que só 604, o 29%, son públicas.

A Xunta leva máis de 10 anos sen construír unha residencia pública en Vigo, existindo neste momentos soamente 3 de titularidade pública, sumando 604 prazas cando segundo os criterios da OMS, debería haber polo menos 3.600 prazas para maiores.

Existen case 500 personas en lista de espera, tengo que agardar moitas veces máis de 3 anos, o que nos sinala unha situación dramática, xa que a xente que non pode ser atendida atópase moitas veces indefensa, tendo que recaer o esforzo do coidado nas familias, maioritariamente mulleres. A Xunta ten que dar unha resposta, na área metropolitana fan falla como mínimo 400 prazas máis, segundo as federacións de pensionistas dos sindicatos CCOO e UGT.

Sería necesario construír 3 residencias de maiores máis, para o que xa existen terreos postos a disposición polo concello. Sen embargo, a que vai construír unha



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

residencia será a Fundación Amancio Ortega, con 150 prazas e un investimento de 15 millóns de euros, xerando dúbidas sobre se a xestión desta futura residencia será pública ou privada.

Compre lembrar que, no último exercicio, Geriavi, a filial de DomusVi con sede en Vigo, superou as súas previsións chegando ata os 625 millóns de euros en facturación, un 15% máis do conseguido un ano antes. O que demostra que estase facendo da atención as persoas maiores un enorme negocio.

Esta situación non é exclusiva da área de Vigo, a nosa comunidade atópase á cola de todos os indicadores respecto ao resto do Estado Español e moi lonxe das recomendacións da OMS, de cinco prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos, cando en Galicia hai 2,97 e só 1,04 son públicas.

A esta situación engádese o déficit de profesionais de enfermería cunhas ratios moi baixas que non permiten ofrecer unha atención e coidados coa seguridade e calidade que as persoas maiores merecen.

Por todo o anterior exposto preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta:

1. Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para aumentar o número de prazas públicas en residencias para maiores na área de Vigo?
2. Que modelo de xestión vai ter a nova residencia construída pola Fundación Amancio Ortega?
3. Vai construír 3 residencias públicas máis tendo en conta que xa existen terreos



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

diponibles para esta finalidade? Que prazo teñen previsto para a súa construción e posta en funcionamento?

Santiago de Compostela, a 17 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/01/2020 10:56:05**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Consellería de Cultura e Turismo iniciou fai un meses as obras de reforma no mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón, adxudicadas por 521.000 euros e cun prazo de execución de seis meses, para habilitar unha hospedaría con seis habitacións, catro delas dobres e dous individuais, nese edificio histórico, de acordo co proxecto redactado por Iago Seara.

Esta actuación céntrase na restauración, posta en valor, conservación e mantemento da antiga hospedaría, a casa do capelán, a torre barroca e a planta baixa da ala este do mosteiro, que na actualidade atópanse sen uso.

Tamén se realizarán diversas actuacións para reducir a humidade e mellorar a accesibilidade dos espazos rehabilitados, ademais de instalar novos aseos exteriores.

Para desenvolver estes traballos, o pasado mes de outubro a Consellería de Cultura e Turismo asinou un convenio de colaboración coa comunidade cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Se remataron as obras no mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón?
- 2.<sup>a</sup>) Quen vai xestionar a hospedaría que se habilitou neste mosteiro?
- 3.<sup>a</sup>) Quen cobrará polo uso desta hospedaría?
- 4.<sup>a</sup>) Recibirá a Xunta de Galicia algún ingreso por esta hospedaría?
- 5.<sup>a</sup>) Quen marcará os prezos desta hospedaría, o mosteiro ou a Consellería de Cultura?



6.<sup>a</sup>) Serán estes prezos diferentes aos cobrados por albergues da zona? E dos albergues públicos?

7.<sup>a</sup>) Colaborou economicamente a comunidade cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón para facer esta hospedaría?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2020 12:02:00**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 12:02:14**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Unha das actividades mais importantes de Consellería de Cultura é a rehabilitación e mantemento do patrimonio artístico, tanto para garantir á conservación da nosa cultura, como para poñelo en valor como recurso turístico e económico dos diferentes territorios de Galicia

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que accións de rehabilitación ou mantemento puxo en marcha a Consellería de Cultura na provincia da Coruña nos anos 2017, 2018 e 2019?
- 2.<sup>a</sup>) Cal foi o investimento orzamentaria en cada un deles?
- 3.<sup>a</sup>) Que proxectos ten a Consellería para 2020?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2020 12:02:33**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 12:02:50**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Unha das actividades mais importantes de Consellería de Cultura é a rehabilitación e mantemento do patrimonio artístico, tanto para garantir á conservación da nosa cultura, como para poñelo en valor como recurso turístico e económico dos diferentes territorios de Galicia

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que accións de rehabilitación ou mantemento puxo en marcha a Consellería de Cultura na provincia de Lugo nos anos 2017, 2018 e 2019?
- 2.<sup>a</sup>) Cal foi o investimento orzamentaria en cada un deles?
- 3.<sup>a</sup>) Que proxectos ten a Consellería para 2020?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2020 12:03:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 12:03:24**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Unha das actividades mais importantes de Consellería de Cultura é a rehabilitación e mantemento do patrimonio artístico, tanto para garantir á conservación da nosa cultura, como para poñelo en valor como recurso turístico e económico dos diferentes territorios de Galicia

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que accións de rehabilitación ou mantemento puxo en marcha a Consellería de Cultura na provincia da Ourense nos anos 2017, 2018 e 2019?
- 2.<sup>a</sup>) Cal foi o investimento orzamentaria en cada un deles?
- 3.<sup>a</sup>) Que proxectos ten a Consellería para 2020?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2020 12:03:44**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 12:03:56**





## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Unha das actividades mais importantes de Consellería de Cultura é a rehabilitación e mantemento do patrimonio artístico, tanto para garantir á conservación da nosa cultura, como para poñelo en valor como recurso turístico e económico dos diferentes territorios de Galicia

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que accións de rehabilitación ou mantemento puxo en marcha a Consellería de Cultura na provincia da Pontevedra nos anos 2017, 2018 e 2019?
- 2.<sup>a</sup>) Cal foi o investimento orzamentaria en cada un deles?
- 3.<sup>a</sup>) Que proxectos ten a Consellería para 2020?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2020 12:04:13**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 12:04:32**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Cantos expedientes foron abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por danos ou destrución de bens arqueolóxicos a causa de traballos agrícolas ou plantacións ou talas de eucaliptos nos anos 2018 e 2019 na provincia da Coruña?

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cantos deses expedientes terminaron nunha sanción aos culpables?
- 2.<sup>a</sup>) Cantas desas infraccións foron reparadas restituíndo as condicións iniciais do ben?
- 3.<sup>a</sup>) En cantas foi imposible esta restitución pola gravidade dos danos ocasionados

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2020 11:55:35**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 11:55:47**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Cantos expedientes foron abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por danos ou destrución de bens arqueolóxicos a causa de traballos agrícolas ou plantacións ou talas de eucaliptos nos anos 2018 e 2019 na provincia de Lugo?

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cantos deses expedientes terminaron nunha sanción aos culpables?
- 2.<sup>a</sup>) Cantas desas infraccións foron reparadas restituíndo as condicións iniciais do ben?
- 3.<sup>a</sup>) En cantas foi imposible esta restitución pola gravidade dos danos ocasionados

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2020 11:56:08**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 11:56:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Cantos expedientes foron abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por danos ou destrución de bens arqueolóxicos a causa de traballos agrícolas ou plantacións ou talas de eucaliptos nos anos 2018 e 2019 na provincia de Ourense?

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cantos deses expedientes terminaron nunha sanción aos culpables?
- 2.<sup>a</sup>) Cantas desas infraccións foron reparadas restituíndo as condicións iniciais do ben?
- 3.<sup>a</sup>) En cantas foi imposible esta restitución pola gravidade dos danos ocasionados

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2020 12:00:51**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 12:01:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o BNG levamos moito tempo denunciando que o goberno central desmantela os servizos ferroviarios do noso país, contando ademais na última década coa complicidade da Xunta de Galiza, e facemos un chamamento para esixir unha rectificación inmediata dunha situación que nos últimos meses ten virado insoportable. Galiza e as poboacións de Ourense, Ribadavia, O Carballiño, A Rúa, o Barco de Valdeorras e outras localidades merecemos servizos de primeira.

Desde hai anos Renfe e Adif, por decisións políticas do PP e do PSOE, avanzaron nunha liña de baleirado de servizos ferroviarios. Co paso dos anos, no lugar de mellorárense as conexións entre as poboacións, a liña é a contraria. Hoxe, a liña entre Vigo e Ourense ten menos paradas e frecuencias que hai unha década. O mesmo acontece coa conexión Coruña-Ourense, e con Ourense-O Barco. Así mesmo, as conexións entre Ourense e A Gudiña ou Lugo son practicamente inexistentes. Os servizos non melloraron e o único que parecía un avance, a posta en marcha do Avant Coruña-Ourense, foino a cambio duns prezos absolutamente





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

abusivos e ata un 60% superiores aos que se pagan nas conexións da franxa atlántica e cuns horarios ao servizo da conexión con Madrid no lugar de ao servizo das necesidades da poboación.

Estas son as consecuencias de obedecer a un modelo de desenvolvemento do tren centralista, no lugar de primar a conexión interior de Galiza, que carece hoxe dun tren de proximidade como si ten Catalunya ou Cantabria. E son tamén as consecuencias da progresiva privatización dun servizo que debe ser público e axudar ao desenvolvemento económico dunhas comarcas empobrecidas e con graves problemas de fixación de poboación como as ourensás.

Privatizáronse servizos, pecharon estacións e iso non significou a mellora das que quedaban. Máis ben ao contrario. Primeiro privatizaron numerosos servizos como o de atención ao cliente, e agora este proceso quere concluír no peche de moitos deles, como é o caso do servizo presencial de venda de billetes e atención ao público nestas estacións. Así mesmo, son constantes os problemas de avarías e atrasos, especialmente nas liñas rexionais.

Esta situación non pode permitirse, debemos esixir que os servizos se melloren e se manteñan como exclusivamente público e que ao tempo se melloren os trens, as liñas, a oferta horaria e haxa un prezo xusto que contribúa a que realmente o tren poida ser un medio de transporte útil e accesíbel para a poboación mellorando a mobilidade e reducindo o uso do transporte privado.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Vai demandar a Xunta de Galiza a transferencia das competencias en materia ferroviaria para poder desenvolvermos un tren galego de proximidade?

Demandouno ou vaino demandar ao goberno central? Porque vías? Ten estimado ou estudado cal sería o orzamento necesario? Vaino facer?

Considera a Xunta de Galiza adecuados os servizos ferroviarios do noso país? E particularmente os do interior de Ourense? E de Lugo? Que ten feito para mellorar esta situación na última década?

Que fixo o goberno galego para demandar o cumprimento dos acordos plenarios en materia ferroviaria?

Valora ou vai valorar o goberno galego facer algún estudo propio para reforzar estas reivindicacións? Cales son os motivos?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2020 12:36:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2020 12:36:58**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2020 12:37:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2020 12:37:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2020 12:37:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2020 12:37:33**





## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Cantos expedientes foron abertos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por danos ou destrución de bens arqueolóxicos a causa de traballos agrícolas ou plantacións ou talas de eucaliptos nos anos 2018 e 2019 na provincia de Pontevedra?

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cantos deses expedientes terminaron nunha sanción aos culpables?
- 2.<sup>a</sup>) Cantas desas infraccións foron reparadas restituíndo as condicións iniciais do ben?
- 3.<sup>a</sup>) En cantas foi imposible esta restitución pola gravidade dos danos ocasionados

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2020 12:01:29**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2020 12:01:41**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Lalín continúa a ser obxecto dunha intencionada desatención sanitaria por parte da Xunta de Galicia. Viviuse dende hai anos o problema da actitude interesada e electoralista sobre o Centro de Alta Resolución, sinalado no seu momento polo PP como “necesario” e logo esquecido cando o Goberno municipal non estaba en mans dun alcalde do propio partido. Agora esta anterior necesidade converterase nun centro de saúde, sen que tampouco exista compromiso por parte da Consellería de Sanidade de resolver os problemas actuais e inmediatos ata que se constrúa esta nova infraestrutura para a que non hai partida orzamentaria.

De igual maneira a atención sanitaria de urxencias sofre diversos problemas. O PAC da localidade ten defectos estruturais de espazo dispoñible para todos os servizos que debe ofrecer, e necesitaría revisar a dotación de recursos humanos para garantir a óptima atención. Máis a cuestión esencial que centra a preocupación de persoas usuarias e profesionais é a dotación de ambulancia para Lalín e a súa contorna.

O falecemento o ano pasado dun veciño de Dozón antes de chegar a recibir atención sanitaria polo déficit de ambulancias na comarca puxo de novo de relieve a necesidade dunha ambulancia medicalizada, que a día de hoxe segue sen existir. Esta reivindicación non nace deste fatal incidente, se non que xa foi obxecto de reivindicación dos colectivos profesionais, de afectados e dos grupos políticos. A este efecto cabe mencionar o acordo do Pleno Municipal de Lalín, coa participación tamén do Partido Popular, para demandar da Xunta de Galicia unha ambulancia medicalizada para Lalín. Especificamente o Partido Popular remarcou a esixencia de que o vehículo fose medicalizado, o que xa manifesta o seu desacordo con outra solución. A maiores, o Partido Popular presentouse ás eleccións municipais incluíndo no seu programa electoral o compromiso de conseguir esa dotación.

Tras esta sucesión de reivindicacións, e o posterior incidente sinalado de tráxicas consecuencias a Xunta de Galicia, que ata o momento obviara e ninguneara as



peticións coa submisión do PP local de Lalín, tratou de escabullir responsabilidades co anuncio de Núñez Feijoo de que a dotación desa ambulancia demandada xa estaba incluída no pliego do novo concurso para a comarca de Lalín. Lonxe desa afirmación, o que hoxe existe en Lalín non é unha ambulancia medicalizada, senón un vehículo de apoio que para nada cubre as necesidades que os profesionais seguen demandando e que contribúe a realizar traslados programados ao hospital pero non da o servizo que se precisa.

A mobilización cidadá é evidente, e os grupos políticos (a excepción do PP) veñen de presentar a solicitude dun pleno municipal extraordinario para tratar o tema. A política de ninguneo da Xunta de Galicia, e o baile de opinións do Partido Popular en función do día, de se deben de expresarse no plano local ou autonómico, ou o cambio de posición en función do goberno local, resulta insoportable e merece clarificar a situación e promover a dotación dos recursos necesarios para a atención sanitaria en Lalín.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cre a Xunta de Galicia que Lalín necesita unha ambulancia medicalizada para a atención sanitaria da comarca?
2. Considera a Xunta de Galicia que a dotación do vehículo de apoio cumpre a necesidade demandada en Lalín na medida en que Núñez Feijoo o anunciou?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia implementar algún novo vehículo de transporte sanitario con base en Lalín? En caso afirmativo, cando está prevista esta medida? Que tipo de vehículo se prevé implementar?
4. Por que ata o de agora a Xunta de Galicia non dotou a Lalín dunha ambulancia medicalizada como demandan profesionais, persoas usuarias e grupos políticos da localidade?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Luisa Pierres López

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 17/01/2020 13:04:46**

**María Luisa Pierres López na data 17/01/2020 13:05:07**

**Noela Blanco Rodríguez na data 17/01/2020 13:05:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha década de recortes e privatizacións por parte do Partido Popular ten danado profundamente o dereito a unha atención sanitaria digna e igualitaria ao longo do territorio. Máis aínda por mor das reformas acometidas sen consenso na Lei de Saúde de Galiza e polo deterioro da Atención Primaria. Estas consecuencias vense en todo o país, pero de forma importante nas comarcas do interior, como é o caso de Valdeorras.

Nos últimos tempos esta comarca está a vivir unha crecente necesidade de rectificación por parte da Xunta de Galiza. Dunha banda cómpre salientar as deficiencias estruturais que se manteñen no Hospital Comarcal, no que a falta de persoal impide dar todos os servizos que deba abusando da derivación a Ourense e da derivación a centros privados de Castela para servizos por exemplo de radioloxía, sumado á gravidade de feitos sen aclarar como a falsificación de partes de garda destapada no nadal de 2018 e que a Xunta de Galiza desbotou investigar.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por outra banda, a situación dos Centros de Saúde é tamén delicada. Cómpre sinalar, a modo de exemplo, a denuncia semanal das e dos profesionais do centro da Rúa ou as recentes mobilizacións da poboación de Rubiá para manifestar a súa desconformidade e malestar coa falta de persoal.

Fronte a este proceso de desmantelamento, a alternativa consiste en artellar unha política sanitaria centrada de verdade nos intereses da saúde da cidadanía, que conte cun financiamento suficiente e que garanta a asistencia universal. Neste sentido, a asistencia universal pasa por garantir a atención primaria na proximidade dos núcleos de poboación, non obrigando a prescindir progresivamente de servizos e ter que desprazarse a outros puntos, cuestión que desde logo desincentiva a fixación de poboación e constitúe un elemento máis que agrava a nosa crise demográfica.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cales son os motivos do goberno galego para deteriorar a atención sanitaria na comarca de Valdeorras?

Como valora a situación do Hospital?

E dos centros de saúde?

Ten coñecemento o goberno galego da situación do centro de saúde de Rubiá? Como a valora?

Ten coñecemento o goberno galego da situación do centro de saúde da Rúa? Como a valora?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por que non colabora a Xunta de Galiza para atopar a solución adecuada para un novo centro de saúde nesta localidade?

Cales son os motivos do goberno galego para non cubrir prazas de xubilación de persoal médico na atención primaria valdeorresa?

Considera o goberno galego que é suficiente o horario de atención ao público e o número de profesionais destes centros?

Como valora a situación de deficiencia de servizos e persoal do Hospital Comarcal? Que vai facer para solventala?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2020 13:10:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2020 13:10:40**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2020 13:10:47**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2020 13:10:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2020 13:11:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2020 13:11:10**





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A política de servizos públicos no rural desenvolvida pola Xunta de Galicia bandeia entre os anuncios de bos propósitos, que nunca chegan a materializarse, e a execución concreta de recortes e peches que minguan a calidade de vida dos veciños e das veciñas destas zonas.

A finais do mes de novembro de 2019 asistimos ao anuncio de peche do paridoiro do Hospital Comarcal de Verín, un peche fundamentado pola Consellería de Sanidade na perda de poboación e o descenso de nacementos. Este grupo parlamentario xa fixo notar, nunha pregunta urxente realizada nesta Cámara, que esta política encaracolada levará a unha espiral negativa, provocando unha maior perda de poboación, xa que a retirada de servizos actúa como un elemento disuasorio á hora de fixar ou atraer xente no rural.

A medida adoptada, por desgraza, é coherente coa liña de perda de servizos públicos no rural desenvolvida pola Xunta de Galicia, especialmente no eido sanitario. Os hospitais comarcais veñen perdendo servizos médicos, e as comarcas que tiñan a condición de área sanitaria cun hospital comarcal de centro de referencia perden a devandita condición.

Dun xeito ilóxico, a Xunta de Galicia desenvolve campañas e declaracións a prol da loita contra o despoboamento, ao mesmo tempo que a fomenta cun movemento de recentralización dos servizos sanitarios, no que se esquece do noso modelo de dispersión poboacional, co que está a sobrecargar os grandes hospitais e a converter o rural en lugares desertos de poboación e ermos en servizos.

Este modelo é contemplado con preocupación desde a provincia de Lugo, na que o rural ten un peso determinante, xa que contribúe a acelerar as desigualdades reais entre a cidadanía. Un entorno sen escolas infantís, centros educativos, sen servizos médicos, sen internet ... é hoxe un entorno no que as persoas non queren vivir.



É ademais un modelo que prexudica especialmente ás mulleres, ás que se lles quita a posibilidade de dar a luz no centro de referencia máis achegado. Entre o momento dos primeiros síntomas de parto e o ingreso definitivo poden pasar varios días. A Xunta de Galicia pretende converter a última etapa do embarazo nun rosario de desprazamentos entre o domicilio e un hospital afastado. Co impacto emocional, a molestia para a familia e o risco engadido para a saúde que estes desprazamentos implican.

Dun xeito concreto, entendemos que este tipo de política supón unha ameaza para os hospitais comarcais, en concreto o de Valdeorras, que en 2018 rexistrou 122 nacementos. No canto de gabarse por estes nacementos, a política da Xunta vennos a dicir que esta cifra é insuficiente e que o paridoiro do hospital comarcal de Valdeorras poderían seguir, xa que logo, o mesmo futuro que o de Verín.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista sempre amosamos o noso rexeitamento ás políticas de desmantelamento da sanidade pública que vén desenvolvendo o Goberno galego. Medidas que afectan dun xeito especial ás mulleres e ás zonas rurais.

Por todo iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego estender a decisión de recortar os servizos de paridoiros noutros hospitais comarcais de Galicia, nomeadamente ao de Valdeorras?
2. Cales son os motivos desta decisión?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/01/2020 10:38:07  
**Nº Rexistro: 61916**  
Data envío: 20/01/2020 10:38:07.896

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2020 10:36:11**

**Julio Torrado Quintela na data 20/01/2020 10:36:22**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG9RHRbhpq4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o proxecto de ampliación da estrada LU-231 e os prexuízos da mesma nun espazo Reserva da Biosfera.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación para a defensa do patrimonio de Galiza (Apatrigal) puxo en coñecemento do Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego as alegacións que presentou ao proxecto de ampliación da estrada LU-231 entre os concellos de Friol, Palas de Rei e Begonte.

Nas súas alegacións, a devandita entidade, advirte dos prexuízos que o proxecto –tal e como está deseñado pola Xunta de Galiza, ocasionará nun espazo Reserva da Biosfera ao talar as árbores que se atopan á beira da estrada. Trátase de especies autóctonas como freixos, bidueiras ou carballos que fan parte do patrimonio natural do país.

A decisión de ampliar até os 8 metros o ancho do vial para abrir dous carrís (un en cada sentido) responde ás demandas feitas en 2016 polos alcaldes dos concellos de Friol e Palas de Rei –na altura ambos os dous do Partido Popular-- co obxectivo de favorecer o tránsito de vehículos pesados, fundamentalmente camións.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Porén, non fica claro que a Xunta de Galiza tivese en conta o enorme impacto que este proxecto de ampliación da LU-231 terá sobre o territorio e a paisaxe nin que se tivesen valorado alternativas que permitan mellorar o tránsito e a seguridade viaria ao tempo que o respecto ao medio.

Neste senso, desde Apatrigal denuncian non ter recibido resposta algunha da Xunta de Galiza ás súas alegacións.

Por todo exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente a Xunta de Galiza do prexuízo que ocasiona o proxecto de ampliación da estrada LU-231 sobre o medio e a paisaxe nun espazo Reserva da Biosfera?
- Por que non respostou o Goberno galego ás alegacións presentadas por Apatrigal?
- Valorou outras opcións a Xunta de Galiza que permitan mellorar o tránsito e a seguridade viaria respectando a paisaxe e a flora da zona?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2020 11:09:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2020 11:09:16**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2020 11:09:24**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2020 11:09:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/01/2020 11:09:41**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2020 11:09:51**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nada se move para ben no sector do leite. Todo é vello. As tendencias continúan manténdose nunha firmeza que alimenta a apatía no sector, a entrega a unha situación vella de perda de explotacións, aumento en número de cabezas nas que quedan, base territorial exigua na maior parte delas e sobre todo uns prezos por quilo de leite que nos discriminan se os comparamos cos do resto do estado e cos europeos.

O leite que se produce en Galicia ten, en xeral, uns parámetros de calidade superiores ós doutros lugares do estado. Non hai razón obxectiva, pois, para que os prezos que ofrecen as industrias en Galicia sexan inferiores, a non ser que se deba á oportunidade de facer negocio a costa da suor dos produtores galegos en base á cantidade de leite no mercado, ou (que tamén pode ser) que a debilidade estrutural do sector, a dependencia de procesados alleos e o desinterese do goberno galego pola súa saúde fagan del alvo fácil para as industrias depredadoras.

Así, Lactalis-Puleva, industria que recolle no noso país o 20% do leite producido está ofrecendo contratos para o 1 de marzo con prezos á baixa mentres en Francia aumenta o mesmo nun 7,5%.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As condicións ofrecidas neste contrato impiden a subida de prezos e alonxan ós produtores das tendencias alcistas continuadas do mercado. E este é o grande perigo porque as demais industrias están á espera, ó axexo, para medi-las súas ofertas ós seus produtores polo raseiro de Lactalis.

A proposta desta industria é dun prezo base de 29,5cts., soamente medio céntimo máis ca en 2019 e condiciona a evolución deste a como o faga mes a mes o prezo medio galego comparativamente ó prezo medio de xaneiro deste 2020.

O bloqueo provocado polas industrias que operan con prezos semifixos ó longo do ano impide que as explotacións galegas se beneficien das recuperacións do mercado. Este bloqueo aumenta a diferenza por quilo entre Galicia e o resto do estado e sitúanos á cola desde hai xa anos.

A ausencia dun referente obxectivo de custe de produción que marque o tope mínimo a negociar, a ausencia dun estudo real destes custes e a falla dun mecanismo de arbitraje de parte da Administración galega fai que o sector estea explotado pola industria e a distribución.

Existe, pois, unha extorsión continuada ó sector leiteiro galego cando a industria polo mesmo produto e coas mesma calidades paga menos deste lado do Navia chegando a diferenza ós 4cts.

Non pode Mabegondo facer un estudo de custe de produción e de mercado que sirva coma referencia nas negociacións?

Non pode o goberno galego na lexítima función de defensa dun sector produtivo intervir cos medios de presión que ten ó seu alcance para arbitrar e mediar entre industria e produtores?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

--É sabedor o goberno galego das manobras de Lactalis e doutras industrias para bloquea-las posibles melloras nos prezos lácteos?

--Cales son as accións de mediación que toma na actualidade o goberno galego nas relacións entre industria e produtores lácteos?

--Que mecanismos de presión exerce na defensa dos produtores nestas relacións?

--Cal é a razón pola que suprimiu a Mesa do Leite e renunciou ó seu labor lexítimo de arbitrase nas relacións ente produtores e industria?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/01/2020 13:55:03**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2020 13:55:15**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2020 13:55:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2020 13:55:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2020 13:55:40**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2020 13:55:50**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) procede da Granxa-Escola Experimental da Coruña, creada en 1888 e ten, por tanto unha longa historia de máis de 130 anos. Superou dúas guerras mundiais e unha guerra civil até chegar a hoxe.

Nos anos 70 do pasado século (1973-75) coa axuda dun préstamo do Banco Mundial establécese en Mabegondo, contando cunha finca de 300 ha, edificios, laboratorios e instalacións gandeiras. Está dentro do esquema do organismo autónomo INIA (Instituto Nacional de Investigacións Agrarias), formando parte da rede de CRIDAS (Centro Regionales de Investigación y Desarrollo Agrario), distribuídos polo territorio español. O CRIDA 01 era o CIAM e o obxectivo fundamental asignado era a investigación e desenvolvemento en sistemas de produción de carne e leite de vacún na España húmida.

O estudo de sistemas de produción, desde un punto de vista aplicado, é complexo, xa que integra disciplinas relacionadas co estudo dos solos, da fertilización, das sementes, das técnicas de cultivo, mellora xenética, mecanización, ensilado, valor





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

nutricional das forraxes, alimentación animal, calidade dos produtos animais, custos de produción e economía das explotacións, etc.

A finalidade do CIAM estaba orientada á mellora das producións gandeiras baseándose no aproveitamento dos forraxes propios da España húmida por medio dunha investigación de alta calidade científica.

Para poder cumprir este obxectivo fíxose unha selección de mozos e mozas titulados/as de grao superior e medio en áreas agrarias e enviáronse a prestixiosas institucións estranxeiras onde se formaron nas diversas disciplinas e adquirindo os máis deles, títulos de post-grao (PhD. ou doutoramento, Master of Science...) e constituíron un conxunto de investigadores altamente especializados que regresaron a Galiza.

O seu traballo xunto co da Agencia de Desarrollo Ganadero e co Servizo de Extensión Agraria foron os verdadeiros motores do desenvolvemento e especialización gandeira do rural galego de fins do século XX

O mantemento da investigación en sistemas de produción require contar con persoal auxiliar de laboratorio e de campo, para atender á diversidade de tarefas realizadas: o laboreo do terreo, fertilización, sementeira dos cultivos, colleita, ensilado, manexo dos animais, muxido do leite, etc.

Por iso as instalacións do CIAM eran e son únicas no estado español para realizar traballos de investigación en produción de cultivos, conservación de forraxes, alimentación de vacún e calidade dos produtos animais, desenvolvendo sistemas de produción de baixo input externo, optimizando o uso de forraxes propias, reducindo custo económico e minimizando o impacto ambiental e as emisións de gases de efecto invernadoiro.



O deseño do estado das autonomías e as transferencias de competencias á Xunta de Galicia integran o CIAM coma unha unidade con categoría de servizo integrada na Consellería de Medio Rural, o persoal investigador ten a condición de funcionario transferido á comunidade autónoma e por tanto forma parte do cadro de persoal funcionario da Xunta.

A cortedade de miras e a escasa valoración de parte dos sucesivos gobernos, (case monopolizados pola dereita), do papel decisivo que xoga a investigación pública ó servizo dun sector, o agrogandeiro, en plena transformación, traen consigo unha escasa incorporación de persoal investigador ó CIAM, producíndose por medio de convocatorias xeralistas de corpos de funcionarios da Administración, que non sempre foron exitosas, toda vez que o paso polo CIAM era unha forma de achegar-se á capital, en determinados casos.

As escasas veces en que esta se producía, a cobertura de postos onde non había especialistas implicaba unha formación autodidacta e pouco efectiva, toda vez que non existía o recurso á formación especializada como na etapa preautonómica.

Transcorridos 35 anos da entrada en funcionamento do CRIDA-01, aquel persoal investigador formado nos mellores centros do mundo acada a idade de xubilación cunha frecuencia moi superior á rexistrada en calquera outro servizo, empezando a producir-se unha marcada redución do cadro de persoal.

Os recursos para investigación son cada vez máis difíciles de conseguir, esixíndose unha maior especialización, competitividade e tamaño dos grupos nas convocatorias públicas, incluídas as do INIA, abertas agora a universidades e CSIC. Os fondos, ademais, son progresivamente redirixidos a empresas (moitas delas PEMES) procurando unha maior participación e implicación do sector privado na I+D+i e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

asegurando unha maior taxa de transferencia das investigacións aos usuarios finais. Ambas actividades requiren unha alta calidade científica nos grupos de investigación.

Durante o goberno bipartito, desde a consellaría do Medio Rural, dirixida polo BNG toma-se a decisión de recuperar a capacidade investigadora dos centros e posicionar definitivamente ao CIAM como centro de referencia en investigación en materia de produción animal baseado en pastos e forraxes.

Realízase un proceso de selección de persoal investigador en determinadas áreas, gran parte do cal estaba formado nos centros (doutores e doutoras dos programas INIA). Ao CIAM se incorporan 4 doutores/as e 2 tecnólogos como persoal laboral do INGACAL, en base ao orzamento de postos vacantes de persoal funcionario. Neses momentos o cadro de persoal investigador fixo do CIAM (entre persoal funcionario e laboral) é dunhas 30 persoas.

Este proceso de rexuvenecemento, recuperación e modernización vese interrompido pola entrada do PP no goberno tras as eleccións de 2009 comezando de novo esa lenta agonía e deterioro no que se encontra dez anos despois.

O goteo de xubilacións continúa e a pesar das incorporacións producidas en 2009, empezan a quedar desertas áreas chave de investigación, como a mellora xenética de millo, pasando o CIAM de ter un alto prestixio en Europa ao peche de facto desta área.

O persoal doutor, especialistas formados polos investigadores que se xubilaron no CIAM, non ten forma de continuar no centro, tendo que marchar do mesmo.

O INIA perde gran parte da súa capacidade de xestión ao saír da esfera do ministerio de Agricultura e pasar ao ministerio competente en ciencia e innovación, co





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cal a competencia polos fondos estatais é cada vez máis acentuada e a capacidade do CIAM de obter recursos por esta vía, cada vez máis limitada.

Non se ten acceso ós fondos manexados polo GAIN, rompendo o compromiso adquirido coa creación da Secretaría xeral de I+D producíndose unha redución na dotación de fondos propios libres para gasto corrente. Baixo a dependencia do CIAM do estamento forestal por primeira vez na súa historia, os fondos baixan de aproximadamente 450 mil euros a 150 mil, insuficientes para pagar a electricidade e os combustíbeis de calefacción, maquinaria e transporte.

A actividade nos centros íase mantendo, mercede ó esforzo do persoal investigador, que se implica en numerosos proxectos os cales son cada vez máis difíciles de xestionar. Por unha banda, unha importante parte do esforzo diríxese á execución dos proxectos FEADER impulsados por empresas do sector que seguen confiando na capacidade tecnolóxica do CIAM. Por outra, na execución de contados proxectos que se poden aínda conseguir nas convocatorias públicas do ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Sen embargo, a perda progresiva de músculo investigador no CIAM indica que esta situación está baixo ameaza, e non se pode manter por moito tempo.

Tras a creación da AGACAL a mediados de 2018, que integra ademais de toda a estrutura de investigación do CIAM (4 estacións experimentais) e da EVEG (2 estación experimentais) as 6 escolas de formación da consellaría, o CIFOR de Lourizán e grande parte da Subdirección Xeneral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, vendo a disposición do seu director xeral e que o deterioro non ten a onde ir a máis, parece renacer un xeito de esperanza na revitalización da investigación pública ó servizo do medio rural.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Desde a creación da Axencia ata hai poucos meses sucédense promesas de mellora e de dar solución á lamentable situación do CIAM e da investigación pública. Reunións de traballo co Conselleiro, coa Dirección Xeral... pero nos orzamentos aprobados para 2020 non figura ningunha partida para as melloras básicas prometidas.

De non haber un contundente plan de recuperación de medios humanos (en primeiro lugar) e de medios materiais (en segundo lugar) o CIAM (e por extensión o conxunto de centros públicos de investigación agraria da Xunta, xa que a problemática é común) encamiñase á irrelevancia como instrumento de xeración de coñecemento útil para o medio rural galego.

Coñecemento que hoxe é máis importante ca nunca, se cabe, para que o sector agrogandeiro galego poida afrontar os retos presentes e futuros que configuran, por un lado o proceso de cambio climático e a competencia de mercados cada vez máis abertos e globais.

A investigación que se realiza no CIAM non é cuberta polo sector privado, de forma que a desaparición da capacidade operativa deste centro será substituída por nada.

Quen se encarga de estudar, por exemplo, as características diferenciais das nosas producións (carne, leite e outras)?; Quen da calidade ambiental dos nosos sistemas produtivos; Quen das emisións de CO2 das explotacións gandeiras galegas e a potencial vantaxe competitiva fronte outras zonas produtivas? Quen da mellora da calidade das forraxes? Quen da utilidade da riqueza xenética gardada nos bancos de sementes para afrontar os retos ambientais do cambio climático ou a aparición de novas pragas e enfermidades? Quen...?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

• Cree o goberno que a investigación aplicada realizada no CIAM (e por extensión os restantes centros de investigación da consellaría do Medio Rural) é necesaria para a competitividade e sustentabilidade do sector agro-gandeiro galego?

• A AGACAL viu a luz oito anos despois do prazo indicado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma (LOFAXGA). Na disposición adicional sétima do seu decreto de creación indica-se que o Consello Reitor da Axencia, no prazo de tres meses seguintes á súa constitución, aprobará a proposta do primeiro contrato plurianual de xestión da Axencia. Supon-se que este contrato debe conter unha serie de medidas de xestión así como previsións de futuro en materia de funcionamento da Axencia que anticipe a senda estratéxica a percorrer durante un determinado espazo temporal.

• A este respecto:

- Foi redactado dito plan?
- Cal é o seu contido a respecto das liñas estratéxicas de investigación encomendadas ó CIAM, e por extensión ós restantes centros de investigación da consellaría do Medio Rural?
- Cales son as previsións contidas no plan a respecto do cadro de persoal investigador (número de postos e forma de provisión)?
- Cales son as previsións contidas no plan a respecto dos investimentos materiais nos edificios, laboratorios, instalacións agrogandeiras, equipamento e maquinaria dos centros e fincas experimentais anexas?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

•No caso de que exista dita planificación, porqué non está reflectida orzamentariamente ningunha medida para 2020?

•No caso de que non exista, porqué non se cumpriu o mandato legal?

•Por que a única referencia coñecida a investimentos previstos en materia de investigación (programa 561A) se refire ó concurso de ideas para executar investimentos por valor de 10 M€ nun "espazo modelo" en Sergude?

•Cre o goberno que é unha práctica de boa gobernanza orzamentaria reproducir o Banco de Xermoplasma do CIAM fóra do centro de investigación que ten encomendada a súa custodia sen atender primeiro as necesidades en medios humanos e materiais necesarios para que esta sexa efectiva?

•Cales son as previsións relativas ó proceso de funcionarización do persoal investigador laboral fixo do AGACAL e do persoal laboral da Xunta que prestan servizo actualmente na Axencia?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/01/2020 17:42:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2020 17:42:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2020 17:42:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2020 17:42:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2020 17:42:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2020 17:42:54**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015 (cun investimento inicial de máis de 97 millóns de euros para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia) elevábase para informe do Goberno galego no Consello da Xunta de 27 de agosto de 2009. No Debate do Estado da Autonomía do ano 2010, o presidente da Xunta de Galicia facía referencia a este plan, prometendo ata 100 millóns de euros para un total de 64 actuacións, 20 delas de nova construción ou gran reforma.

Neste documento incluíanse varias partidas para rehabilitación que realmente seguen no caixón da Consellería de Vicepresidencia a día de hoxe. Unha desas partidas específicas -en concreto, de 2.224.000 euros- indicábase para a rehabilitación do antigo edificio de xulgados de Ferrol, partida que escasamente se debeu executar. Á carón desta construción, o “novo” edificio ten sufrido neste días as fortes chuvias da borrasca *Brendan*, que agravaron aínda máis os danos xa existentes no lucernario do edificio. A dita estrutura, tan danada que dende antes do Nadal se atopaba acordonada, cubriuse por orde do Goberno galego cunha lona, mais a lona cedeu nestes días e no edificio comezou a chover (pecháronse os corredores, as dependencias do Imelga e o Xulgado de Instrución número 5). Dende a Dirección Xeral de Xustiza din que a reparación está presupostada, mais non se atopa en ningún orzamento nin, é evidente, se ten executado. O Goberno ten comunicado a súa previsión de arranxo definitivo do lucernario “o máis axiña posible”; o malo é que nos xulgados de Ferrol levan así dende hai moitos anos e a nova estrutura non se ve por ningures.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia da situación lamentable dos edificios xudiciais da cidade de Ferrol?
2. Canto se executou da partida de 2.224.000 euros que o Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015 recolle para a rehabilitación do antigo edificio de Xulgados de Ferrol?



3. Cal é a partida orzamentaria específica para o arranxo do lucernario e do resto de dependencias danadas do “novo” edificio? Onde se atopa?
4. Cando vai arranxar o Goberno o dito lucernario e o resto das dependencias danadas?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Teresa Porritt Lueiro  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
José Manuel Pérez Seco  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/01/2020 17:48:29**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 20/01/2020 17:48:41**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2020 17:48:51**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/01/2020 17:49:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda **ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita,** sobre a defensa dun ensino público en igualdade.

A demanda continua por parte de grupos conservadores e ultraconservadores da introdución en educación do chamado “ Pin Parental”, que non é outra cousa que unha censura previa sobre a participación do alumnado en actividades complementarias dos centros, un auténtico veto educativo que propiciou que en comunidades como Andalucía ou Murcia, o Partido Popular e Ciudadanos sucumbisen ás esixencias de Vox e incluíuse nos orzamentos xerais desas comunidades.

É dicir, a escola estase convertendo nun espazo de batalla no que a dereita está tratando de implantar un modelo conservador e parcial. A escola pública recibe a diario ataques destes partidos no seu deber de educar en valores de igualdade, respecto e tolerancia. En definitiva, valores democráticos.

Nestes ataques adoitan xustificar e defender o uso deste tipo de censura apelando á liberdade de elección dos pais e nais. Con todo, é necesario recalcar que o dereito á educación e a liberdade de ensino consagrado na Constitución ten como fundamento a liberdade de pensamento e o desenvolvemento da capacidade crítica e a personalidade do alumnado fundamentada no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

Nesa liña xa hai uns meses que Hazte Oír difundiu esta proposta en centros



educativos do noso país. Unha campaña que dende o Grupo Común da Esquerda solicitamos que fora suprimida dos centros de ensino e que o Partido Popular votou en contra.

Este chamado “Pin Parental”, a censura educativa previa, supón un experimento que no seu día o partido Popular xa tratara de instaurar en Galicia respecto ao uso do idioma e que o Tribunal Superior botou abaixo.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Vai opoñerse o Goberno galego á censura educativa que supón o chamado pin parental?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 20/01/2020 18:12:09**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/01/2020 18:12:30**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/01/2020 09:30:00  
Nº Rexistro: 61994  
Data envío: 20/01/2020 18:31:07.592

**Paula Quinteiro Araújo na data 20/01/2020 18:12:48**

**Marcos Cal Ogando na data 20/01/2020 18:13:03**

CSV: BOPGDSPG9RHRbhpq4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Consello da Xunta de Galicia o 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello da Xunta de Galicia sinala que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros.

Remata a nota do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son lograr mellorar as comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráfico de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débase de lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, por iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización das peaxes.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non se pode circunscribir á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe de ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a Terceira Rolda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e cativa



para todo o entorno metropolitano; iso si, incluso nos tres escenarios analizados polo Ministerio de Fomento a sociedade concesionaria Autopistas del Atlántico sería favorecida.

Non obstante, o Plan MOVE 2009-2015 aínda en execución eliminou da súa programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 quilómetros, cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolvido como proxecto construtivo.

O Concello de Cambre ten achegado varios informes municipais aos centros directivos da Xunta de Galicia con competencia nesta materia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Axencia Galega de Infraestruturas, sen que a día de hoxe se teñan atendido as incidencias postas de manifesto nos ditos informes.

O 1 de agosto de 2019 a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) denunciou diante da Fiscalía de Medio Ambiente “O trazado da Vía Ártabra entre o polígono de Cambre e a Autovía A-6 polo seu elevado impacto ambiental, non avaliado conforme á lexislación vixente, e as irregularidades na súa tramitación”.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para asegurar a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa A-6, para dar efectivo servizo á área metropolitana da Coruña?
- 2ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para cumprir co acordo de aprobación definitiva do Plan Sectorial tendo en conta o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006?
- 3ª) Ten acordada o Goberno galego a modificación do actual contrato concesionario con Audasa?
- 4ª) Ten preparado o Goberno galego o convenio que, con carácter previo á execución das obras, deben asinar as tres administracións implicadas, tal e como ten informado reiteradamente o Ministerio de Fomento?
- 5ª) Cales foron os motivos polos que o Goberno galego eliminou da programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 km do



Plan MOVE 2009-2015, aínda en execución, cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolto como proxecto construtivo?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2020 18:46:33**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2020 18:46:54**

**María Luisa Pierres López na data 20/01/2020 18:47:07**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco, María Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No mes de xullo de 2017 a Xunta de Galicia presentou a Estratexia Autónoma 2020 cun período de vixencia desde xullo de 2017 ata o 31 de decembro de 2020. A dita estratexia establecía tres retos: Incorporar novas persoas e fortalecer o emprego autónomo, facilitar mellores condicións para o autónomo e simplificar e axilizar a interacción co colectivo autónomo. Para a consecución destes retos, a Xunta de Galicia anunciaba un orzamento 2017-2020 de 160 millóns de euros (40 millóns de euros anuais) e unha estimación de 10.000 beneficiarios por ano.

Vinte e nove meses despois da implantación da Estratexia Autónoma 2020 e cando só quedan 11 meses para a súa finalización os datos do IGE de afiliación media ao réxime de autónomos en Galicia revélanos que o número de persoas afiliadas en decembro de 2019 é de 209.287, é dicir 3.786 persoas menos que no mes de decembro de 2017, 217 menos que no mes anterior (novembro).

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos resultados acadados pola Estratexia Autónoma 2020?
- 2ª) Canto leva gastado o Goberno galego sobre o inicialmente orzamentado?
- 3ª) Cales foron as accións implementadas, con que importe e cales son os resultados acadados con cada unha delas?
- 4ª) Considera o Goberno galego que a 31 de decembro de 2020 van estar cumpridos os retos inicialmente establecidos?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2020 18:08:09**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/01/2020 18:08:26**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/01/2020 18:08:43**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cerceda é un concello que conta cunha poboación 5.081 habitantes segundo os últimos datos do IGE 2018, dos que 500 teñen entre 0 e 14 anos.

A atención pediátrica neste concello desenvólvese en horario de 8.30 a 11.30 de luns a venres, sen que se poida retrasar a consulta debido a que a pediatra ten que se incorporar no centro de saúde de Acea da Ma (Culleredo).

No mes de agosto, o servizo de pediatría suspéndese para a atención dos nenos e das nenas de Cerceda, tendo que ser atendidos, só no caso de urxencia, pola persoa que se encontre para a atención das urxencias en xeral para toda a poboación ou ben desprazarse ata o centro Rosalía de Castro, materno infantil, da Coruña, a 25 Km do centro de Cerceda.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o servizo de pediatría que se está a prestar no concello de Cerceda?

2ª) Considera o Goberno galego que, na “lexislatura do rural”, a prestación deficiente dun servizo fundamental para as familias, como o de pediatría, axuda ao asentamento poboacional nos concellos rurais?

3ª) Cando vai solucionar o Goberno galego esta deficiencia no servizo de pediatría de Cerceda?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**





**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2020 18:11:49**

**Julio Torrado Quintela na data 20/01/2020 18:12:10**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2020 18:12:27**



## Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nas eleccións británicas do pasado 12 de decembro de 2019 o líder do Partido Conservador, Boris Johnson, confirmouse no cargo cunha “asoballante” vitoria, e no seu discurso Johnson prometeu completar o proceso antes do 31 de xaneiro de 202: "Imos completar o Brexit o 31 de xaneiro, sen peros nin escusas", asegurou Johnson.

O Parlamento Europeo votará o acordo sobre a saída do Reino Unido da Unión Europea o próximo 29 de xaneiro, tan só dous días antes do 31 de xaneiro, a data prevista do Brexit.

O Brexit é un desafío técnico, xurídico, económico e social, cunha gran repercusión para Galicia:

- Para os cidadáns xa que no Reino Unido viven máis de 14.000 galegos (11 % do total de residentes españois), en Galicia viven preto de 2.000 británicos.

- Para o sector da pesca (veranse afectados uns 150 barcos galegos, 1.700 tripulantes e un volume de negocio de preto dos 500 millóns de euros), a exportación de automóbiles, o turismo, o sector téxtil (empresas como Bimba e Lola, Textil Lonía/ Carolina Herrera, Nanos, Pili Carreira e sobre todo INDITEX, con máis de 100 establecementos e 5.000 traballadores), o sector da construción, a industria transformadora e conserveira de produtos da pesca e acuicultura o sector agroalimentario, etc.

Este grupo parlamentario ten presentado varias iniciativas para o seu debate en pleno e/ou comisión, entre outras:

- 10/PNC-001846, rexistro 23035, sobre a presentación polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia durante o primeiro semestre de 2018, da posición da Xunta de Galicia nos eidos sinalados como prioritarios no documento titulado Análise do impacto do Brexit en Galicia, aprobada por unanimidade con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 15/1/2019.





- 10/PNC-003221, rexistro 40008, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para minimizar o impacto que vai ter o Brexit para as empresas galegas, nomeadamente para as Pemes, aprobada con modificacións na Comisión 6ª celebrada o 22/1/2019.

- E no pleno do 22 de outubro de 2019 aprobouse, por 64 votos a favor, a Proposición non de lei presentada con número de rexistro 56842, sobre a activación pola Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno central, dos plans de continxencia para o Brexit nos ámbitos da súa competencia.

O texto aprobado foi o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a activar coa máxima urxencia os plans de continxencia para o Brexit nos ámbitos da súa competencia, en coordinación co Goberno de España.»

Por iso, transcorrido xa un tempo prudencial desde a adopción dos devanditos acordos e a escasos días dese 31 de xaneiro, os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cumpriu a Xunta de Galicia os acordos adoptados?

2ª) Puxo en marcha un diagnóstico transversal, centrado sobre todo nas Pemes, e que abranca os ámbitos financeiros, laborais e de innovación, sobre os impactos que o Brexit terá na actividade empresarial de Galicia.

3ª) Desenvolveu unha campaña informativa sobre as consecuencias da saída do Reino Unido dirixida especialmente ás Pemes, informando sobre medidas e plans de continxencia dependendo do sector ao que pertencen.

4ª) Ten pensado a Xunta de Galicia presentar para o seu debate na Cámara, a posición da Xunta de Galicia nos eidos identificados como prioritarios no seu documento de Análise do impacto do Brexit en Galicia.

5ª) Estableceu liñas específicas de colaboración co Goberno de España á hora de desenvolver estas iniciativas.

6ª) Puxo en marcha a Xunta de Galicia eses plans de continxencia?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 20/01/2020 18:27:09**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2020 18:27:22**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Encarnación Liñeiro Pouso, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Desde hai anos o casco urbano de Ribadeo vén padecendo, na época de calor, unha praga de mosquitos e moscas que afecta aos seus veciños e veciñas, así como a hostalería, prexudicando a esta na época do ano na que Ribadeo ten unha maior afluencia turística.

En xuño de 2019 os propios hostaleiros de Ribadeo, desesperados con esta praga de moscas e mosquitos, pedían solucións a Portos de Galicia para erradicar a praga alegando que o foco podería estar na madeira almacenada *sine die* no porto comercial de Mirasol, no que se atopan decenas de miles de toneladas alí depositadas desde hai anos.

O propio Concello de Ribadeo contratou a unha empresa especialista no tratamento de pragas, que aportou solucións para combater este problema: tratar a madeira ou retirala do Porto de Mirasol, xa que os tratamentos empregados polos hostaleiros para erradicar estas moscas e mosquitos de nada servirían se a madeira segue amontoada indefinidamente no Porto. Informe que lle reenviou o propio Concello de Ribadeo ao Goberno galego. No informe explican que os hostaleiros non son capaces de eliminar os mosquitos das súas ventás, aínda limpando e aplicando insecticidas todos os días, e que provocan incidencias incluso nas comidas.

Os hostaleiros de Ribadeo advertiron de novo estes días que o problema non está resolto e que volverá a aparecer cando chegue a calor. Por iso entenden que é urxente que Portos de Galicia actúe e retire a madeira que leva anos almacenada no Porto de Mirasol de Ribadeo.

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:



Vai o Goberno galego a adoptar algunha medida para evitar o problema da praga de moscas e mosquitos que o casco urbano de Ribadeo vén sufrindo desde hai anos na época de calor, debido ao almacenamento indefinido de madeira no Porto de Mirasol de Ribadeo?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 20/01/2020 18:29:43**

**Encarnación Liñeiro Pouso na data 20/01/2020 18:29:55**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A autoestrada que une Santiago con Ourense, un dos eixes de dinamización do interior de Galicia, e actuación preferente dentro do Plan de reequilibrio territorial do Goberno presidido polo señor Emilio Pérez Touriño, está operativo en todo o seu trazado dende o ano 2009. No seu conxunto, o eixo de comunicación que enlaza a capital de Galicia con Ourense ten unha lonxitude de 87 quilómetros - aos que hai que sumar os 11,5 quilómetros que hai entre a ligazón coa A-52 e a Ponte do Milenio- e está dividido en dúas partes ben diferenciadas en canto a competencias e peaxes. O proxecto iniciouse baixo o mandato do PP, decantándose entón a Xunta de Galicia pola modalidade de autoestrada de peaxe baixo a competencia do Estado. Así as cousas, o tramo entre Santiago e Dozón ten consideración de autoestrada, a coñecida como AP-53, e a titularidade do devandito trazado corresponde ao Estado. O resto da infraestrutura, os 32,4 quilómetros que van desde Dozón á A-52, é de titularidade autonómica, investindo a Xunta de Galicia un total de 178,9 millóns de euros na AG-53, como se coñece o tramo entre Dozón e a autovía Rías Baixas.

O goberno presidido por Touriño plasmou o seu compromiso e aposta polo desenvolvemento do interior de Galicia liberando de peaxe esta autovía, inaugurada en outubro do 2007 no Carballiño -o primeiro tramo entre Dozón e Cea- e que se completou en abril de 2009 coa apertura ao tráfico do trazado final, os 14,1 km entre Cea e a A-52.

Os investimentos acometidos pola Xunta de Galicia presidida polos socialistas, desagreganse nos 62,8 millóns de euros destinados ao tramo Dozón-Cea; os 89,4 millóns que custou o tramo Cea-Barbantes, os 4,4 millóns para a ligazón co municipio de Piñor, e os 22,3 millóns de euros que se investiron no ramal que conecta a AG-53 con Maside e O Carballiño.

O trazado desta vía de alta capacidade percorre os concellos de Punxín, Amoeiro, e Maside, na actualidade os dous primeiros non teñen acceso directo á mesma e a súa cidadanía non poden verse beneficiados e beneficiadas das vantaxes e o valor engadido que supón o acceso a unha autovía. Tendo en conta esta situación, os



representantes institucionais destes concellos solicitaron en numerosas ocasións dende a posta en marcha desta autovía, que a Xunta de Galicia proceda a efectuar as obras necesarias que fagan posible un enlace coa autoestrada que une Santiago con Ourense.

Os beneficios que esta actuación reportaría a estes concellos da provincia de Ourense son fundamentais para o seu futuro socioeconómico, xa que a conexión directa coa autovía melloraría a calidade da mobilidade da cidadanía, reduciría os tempos dos percorridos, e sería determinante para o desenvolvemento desta zona da Galicia interior.

O 9 de setembro de 2010 aprobouse por unanimidade na daquela Comisión de Obras Públicas do Parlamento de Galicia, unha iniciativa do PSdeG transaccionada co PP na que se solicitaba á Xunta de Galicia *“a estudar a execución dun enlace de comunicación dos concellos de Punxín, Amoeiro e Maside coa autovía AG-53, e que se poidan utilizar para iso as infraestruturas da futura área de servizo prevista no quilómetro 80+400 desta vía de alta capacidade que comunica Ourense con Santiago”*. Dez anos despois deste acordo, non temos constancia de que o goberno de Feijoo puxera en marcha ningún tipo de actuación de cara a impulsar este enlace, e nin tan sequera se incluíu nestes 10 anos de goberno de Feijoo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Xunta de Galicia a necesidade da execución dun enlace de comunicación dos concellos de Punxín, Amoeiro e Maside coa autovía AG-53?
2. Dende o acordo ao que se chegou por unanimidade no Parlamento de Galicia o 09/10/2010, que iniciativas puxo en marcha a Xunta de Galicia para dar cumprimento a esta resolución da cámara galega?
3. Cal foi a dotación orzamentaria das mesmas?
4. Por que a Xunta de Galicia non proxectou durante estes dez anos, o enlace de comunicación dos Concellos de Punxín, Amoeiro e Maside coa autovía AG-53?
5. Ten previsto proxectalo antes de que remate a lexislatura?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/01/2020 09:23:06**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/01/2020 09:23:15**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/01/2020 09:23:25**

**María Luisa Pierres López na data 21/01/2020 09:23:35**





## Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O DOG Nº 43, con data 1 de marzo de 2018, publicaba a Orde da Consellería do Medio Rural con data 26 de febreiro de 2018, polas que se establecían as excepcións ás normas de condicionalidade de aplicación de xurros e esterco da Orde do 6 de febreiro de 2018, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

A dita orde dispoñía as excepcións á norma da BCAA 6 recollida no punto 2 do anexo VII da Orde do 6 de febreiro de 2018, en relación coa aplicación de xurros nas superficies agrícolas, para os beneficiarios dos pagamentos e axudas establecidas no seu artigo 23, figurando como excepcións as seguintes:

1. A aplicación de xurros ou fraccións líquidas de dexestións non se poderá efectuar con sistemas de aspersión con canón, a partir da data de publicación desta orde.
2. O resto de aplicacións de xurro con sistemas de abano, poderase realizar mentres non se resolvan os condicionantes que deron lugar á súa excepción.

Como segundo, tamén, engadía unha nova excepción ás establecidas na norma da BCAA 6 recollida no punto 2 do anexo VII da Orde do 6 de febreiro de 2018, en relación co enterramento dos esterco sólidos despois da súa aplicación, exceptuándose de tal obriga cando o uso do esterco se corresponda coas prácticas tradicionais.

Todas estas excepcións, son excepcións á normativa medioambiental europea, e que están permitidas ás comunidades autónomas, como así indica a normativa estatal no Real decreto 1378/2018, de 8 novembro, referente á aplicación en España da Política Agrícola Común. Real decreto que, nun futuro próximo, terá que ser modificado para evitar que os gandeiros do noso país sexan penalizados nas axudas da PAC.





A Xunta de Galicia, acolleuse sempre a estas excepcións, xustificándose nos condicionantes propios da nosa comunidade autónoma e explotacións, como son; as razóns orográficas, climáticas, e socioeconómicas. Pero, co compromiso de só mantelas namentres non se ultimarán os traballos e estudos relativos a poñer fin a estas especiais circunstancias.

Na actualidade, coa normativa europea en vigor desde o ano 2018, o que coñecemos é, que o Goberno galego se ten acollido a dúas moratorias, como anteriormente xa indicamos non coñecemos nada do resultado que deberían ter dado os estudos prometidos pola Consellería do Medio Rural desde hai dous anos. E, visto o visto, todo parece indicar que o fin último que motiva o acollemento a estas prórrogas, era, e segue a ser, evitar tan só o pago das multas aparelladas ao incumprimento da normativa medioambiental europea.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantos estudos ten ultimado a Consellería do Medio Rural sobre o asunto en cuestión?

2ª) Cales foron os resultados? Segundo os estudos, cal, ou cales, son os mellores métodos de aplicación de xurros, e os que máis se adaptan ás nosas circunstancias?

3ª) Que medidas a curto e medio prazo ten previsto adoptar a Consellería do Medio Rural?

4ª) Ten pensado o Goberno galego establecer algún plan de axudas para a modernización da maquinaria agrícola destinada á aplicación dos xurros?

5ª) Ata cando ten previsto manter a excepción a Consellería do Medio Rural? Vaise manter na campaña 2020, en caso afirmativo estipularao a futura orde que regulará a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para o exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**





**Oscar Vilar Chento na data 21/01/2020 11:59:38**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/01/2020 11:59:48**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No final dun ano ou inicio do seguinte os picos de afectación da gripe tenden a incrementar a actividade sanitaria en urxencias e, nos casos máis afectados, os ingresos hospitalarios. Estes problemas tenden a agravarse en casos de persoas con maiores dificultades, especialmente os nosos maiores que presentan máis dificultades para confrontar coa enfermidade.

A posible previsión temporal desta afectación permite prever un protocolo de actuación, e ter unha estimación de persoal necesario para incrementar no plano asistencial. A afectación do pico da gripe chegou este ano 2020 incluso máis tarde do previsto, co que non existiu problema de imprevisibilidade ou de inexistencia de profesionais a disposición.

Non en tanto, e como tende a ocorrer demasiado frecuentemente nestes recentes anos, foron coñecidas situacións de saturacións excesivas en centros hospitalarios de Galicia. Así, urxencias dos complexos hospitalarios de Santiago, A Coruña ou Ourense foron especialmente afectados polo incremento de pacientes.

Os protocolos de actuación deseñados pola Consellería de Sanidade son rácanos en recursos humanos, e buscan resolver a situación cunha moi limitada aportación de recursos e persoal a un sistema que xa ven sufrindo recortes nos últimos anos que reducen a súa capacidade asistencial. Engadido a isto, non é coñecido o plan de continxencia deseñado, que xa foi obxecto de solicitude durante os anos previos e nunca facilitado polo Goberno galego, o que impide aportar e ofrecer alternativas, tanto a profesionais como representantes sindicais e políticos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Xunta de Galicia a resposta fronte o pico da gripe dados os episodios de saturación en diversos centros hospitalarios nestas últimas datas?



2. Que incidencia tivo a campaña de vacinación na poboación xeral e, de maneira específica, nos colectivos de especial interese?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 21/01/2020 14:04:46**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/01/2020 14:05:00**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os convenios de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Seguridade Social, para o control da incapacidade temporal na nosa comunidade contempla, para os anos xa finalizados de 2016, 2017 e 2018 un incentivo de carácter finalista para o corpo de inspectores.

Tales convenios teñen sido cumpridos por parte do Estado, no que corresponde ao abono das contías dedicadas aos incentivos citados. Non en tanto, os traballadores/as do servizo seguen sen recibir as contías que corresponden a eses anos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que razón a Xunta de Galicia non abona os incentivos que corresponden aos inspectores/as toda vez que recibiu no seu momento as contías por parte do Goberno de España?
2. A que foi dedicada a contía recibida nos anos 2016, 2017 e 2018 pola Xunta de Galicia e que non destinaron ao pago a traballadores que realizan o servizo?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/01/2020 16:30:00  
**Nº Rexistro: 62111**  
Data envío: 21/01/2020 14:08:32.809

**Julio Torrado Quintela na data 21/01/2020 14:06:24**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/01/2020 14:06:35**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG9RHRbhpq4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez**, deputada do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre a execución dos fondos FEDER para potenciar as políticas de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación.

Segundo o informe máis recente sobre Avaliación dos Obxectivos e Resultados da Estratexia do Programa Operativo FEDER 2014-2020, elaborado pola Consellería de Facenda, a finais do ano 2018 a Xunta de Galicia tiña executado menos do 25% dos fondos FEDER recibidos para potenciar as políticas de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación.

A propia Consellería de Facenda cualifica como “baixo” o grao de eficacia financeira acadado a 31 de decembro de 2018 no Eixo 1, con 21.9 Millóns de € executados dun total de 178 Millóns de € asignados a este eixo no total do Período de programación, apenas un 11,7%, e moi lonxe dos obxectivos establecidos pola propia Xunta de Galicia para o ano 2018, fixados en 89 Millóns de €.

É especialmente preocupante que, transcorridas máis de dúas terceiras partes do período de programación, o grao de execución dos fondos destinados a I+D+I sexa tan baixo, e que existan prioridades de investimento vinculadas á Investigación e a Innovación, coma o *Investimento privado combinado con axuda pública en proxectos de Innovación ou I+D*, cun grao de execución inferior ao 5% do total dos fondos previstos, ou o *Número de investigadores que traballan en instalacións melloradas con infraestruturas de investigación*, na que



a finais de 2018 non se tiña executado nin un só €.

Lonxe de acercarse ao obxectivo 1.7% do PIB, fixado pola Xunta de Galicia no Plan Estratéxico 2015-2020, nos últimos dez anos de gobernos do Partido Popular, o gasto en I+D+I en Galicia perdeu peso no conxunto do PIB, pasando do máximo nivel acadado no ano 2008, do 1.04% ao 0.94% no ano 2018.

Nese ano 2018, último ano con orzamentos liquidados, os recursos destinados inicialmente ás políticas de I+D+I foron minorados ao longo do exercicio en case 20 Millóns de €, un 12,7% dos créditos iniciais, e o grao de execución apenas acadou o 70% dos créditos iniciais.

Namentres, as universidades galegas languidecen por falla de fondos para o sistema de financiamento e a Xunta impulsa a creación dunha universidade privada, ao tempo que crece o número de investigadores galegos que teñen que procurar destinos no estranxeiro onde desenvolver as súas carreiras profesionais.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as causas que xustifican este baixísimo nivel de execución dos Fondos Europeos recibidos para o impulso das políticas de I+D+I en Galicia?
2. Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para fortalecer as universidades públicas galegas?
3. Como xustifica a Xunta de Galicia a desviación do Gasto total en I+D+I a respecto dos obxectivos declarados no Plan Estratéxico Galicia 2015-2020?





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

4. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir que os investigadores galegos poidan desenvolver as súas carreiras profesionais en universidades e centros de investigación do noso País.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez  
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 21/01/2020 14:22:39**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O plan de vivendas baleiras é un programa deseñado pola Xunta de Galicia e posto en marcha en xuño do 2016 para a mobilización de vivendas baleiras en toda Galicia e a súa posta a disposición para o aluguer con prezos reducidos.

O fracaso acumulado ata o momento deste programa tense atribuído principalmente á falla de incorporación dos concellos ó mesmo.

Algo que parece non sosterse precisamente cos datos daqueles que si se sumaron, ó redor de 75 concellos.

Entre todos eles só teñen mobilizado un total de 25 vivendas, isto é unha vivenda por cada tres concellos. E tan só se teñen adxudicado 14 das 25 dispoñibles.

No seu día xa foi debatido en Comisión parlamentaria os factores que impedían que este plan prosperase axeitadamente, e tomando como base o que ten acontecido nos preto de 75 concellos incorporados ó plan.

A reticencia principal provén das persoas propietarias. E é que estes manifestan como pouco atractivo que a rebaixa considerable dos prezos de aluguer, respecto do mercado real, se vexa compensado tan só cun seguro de garantía de cobro de aluguer, ou unha pequena subvención para a súa mellora no caso de precisala.

Sabendo que cidades e vilas con demanda significativa de vivendas como Ourense, Cambre, Vilagarcía de Arousa, Santiago de Compostela, Marín, Arteixo ou Cangas do Morrazo si se teñen incorporado ó programa, e tamén con escaso ou nulo éxito, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Canto máis tempo vai a apostar este Goberno polo actual Programa de vivendas baleiras que só ten conseguido mobilizar unha vivenda por cada tres concellos adheridos ó mesmo?



2. Están a valorar cambios no programa actual? No caso de ser así, cando os pensan implementar?
3. Teñen comentado cos 75 concellos adheridos ó programa, algúns con forte demanda de vivenda, cales son as razóns que detectan como principais problemas para o fracaso continuado deste programa?
4. Creen que este programa podería ter máis éxito se a limitación por parte dos propietarios dos prezos de aluguer se vise compensada con outras vantaxes máis alá do seguro, como outros beneficios fiscais como a exención no imposto da renda dos ingresos do aluguer?
5. Cal é o listado desglosado por concellos de vivendas ofertadas e adxudicadas desde o 2016 ?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 22/01/2020 10:36:56**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2020 10:37:22**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2020 10:37:46**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A xuventude galega podería apoderarse da mítica frase: “*Houston, temos un problema*”. Pero neste caso, dicindo “Galicia, temos un problema”. E é que a autonomía residencial da poboación moza en España, e tamén en Galicia, atópase en mínimos históricos.

Os últimos datos do informe do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España son claros ó respecto.

A opción de emancipación das mozas e mozos galegos entre 16 e 29 anos depende da cesión ou herdanza de vivendas familiares, a máis elevada de España. Mentres que aquelas e aqueles que non teñen esa opción privilexiada, quedan de forma máis severa que no resto de España excluídos do acceso á mesma tanto en réxime de propiedade como de aluguer.

De feito o informe expón como por si mesma, unha persoa moza galega dificilmente podería costearse a compra dunha vivenda libre xa que, nin lle sería posible dedicar menos do 30 % do seu salario neto ao pago das cotas hipotecarias (actualmente o custo de acceso ó mercado da vivenda ascende ó 49,6 %), nin é moi probable que estea traballando e, por conseguinte, poida acreditar unha fonte regular de ingresos, unha das múltiples garantías que se exixen cando se solicita un préstamo hipotecario.

As gráficas son claras, os que viven de aluguer apenas son o 50,2 %, cando a media estatal é case dez puntos superior. E as mozas e mozos que pretenden alugar en toda España, incluída Galicia, e en todos os rangos de idades superan o 30 % recomendado como máximo do salario a empregar para tal fin. En Galicia, no caso de mozas e mozos asalariados entre 16 e 29 anos dedican de media ó redor do 62 % do seu salario, un aumento de máis de 15 puntos desde o 2013, e no caso dos mozos entre 30 e 34 anos dedican o 44 %, case 9 puntos máis.

Coñecendo esta situación e que nin se está a fomentar vivenda pública de aluguer suficiente, nin a través das axudas de aluguer para mozos se ten conseguido



cubrir máis do 8,4 % das peticións, deixando fóra a preto de 3650 mozos, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego suficientes as medidas postas en marcha ata o momento de cara a garantir o acceso das e dos mozos galegos á vivenda?
2. Interpreta como un bo dato que o custo de acceso a un aluguer para mozos entre 16 e 34 anos supoña de media un 55 % do seu salario medio?
3. Cantas vivendas de promoción pública foron adxudicadas en réxime de aluguer para mozos galegos desde o ano 2016?
4. Cree que é un bo síntoma que só un 18,6 % das galegas e galegos entre 16 e 29 anos estean residindo nun fogar independente, por debaixo da media estatal?
5. Contempla incrementar os orzamentos das convocatorias de axudas ó aluguer para este ano xa publicadas, e apoiar con orzamento propio as cantidades proporcionadas polo Goberno do Estado?
6. Estudia este Goberno a posta en marcha dun plan ou pacto para a emancipación xuvenil tal como acontece noutras comunidades autónomas?
7. En todo caso, que medidas espera poñer en marcha para solucionar o grave problema de emancipación xuvenil?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2020

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 22/01/2020 10:04:49**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/01/2020 10:05:02**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2020 10:05:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O pasado 16 de xaneiro o comedor do aulario de educación infantil do CEIP Vales Villamarín de Betanzos sufriu filtracións procedentes da cuberta do edificio, que obrigaron a reconfigurar o servizo de comedor escolar esa xornada e a seguinte.

Nese espazo foi preciso ubicar ata colectores de lixo para recolle-la cantidade de auga que a cuberta estaba a filtrar ó interior do centro escolar. Nas xornadas anteriores, sen chegar a tal virulencia, xa se rexistraran filtracións e pingueiras no mesmo espazo, feitos que se deron tamén en cursos anteriores.

Aínda non hai nin dous meses, outra aula do mesmo edificio tivo que ser clausurada logo de que outra pingueira a deixara inutilizada, reubicándose o alumnado que a ocupa noutras dependencias do aulario.

Os problemas coa cuberta neste edificio non rematan aí, senón que o lucernario ubicado no acceso principal do edificio tamén rexistra periodicamente filtracións ao interior do corredor principal.

O edificio apenas ten seis anos, logo de concluírse a súa construción en 2014. A Consellería de Educación comprometera un colexio de educación infantil en numerosas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ocasións en Betanzos, á vista da masificación co CEIP Vales Villamarín que escolariza a crianzas de Betanzos, Coirós e Paderne. Porén, no último minuto, fíxose depender este edificio do centro escolar existente, separado por unha estrada que rexistra altas densidades de tránsito e co centro de saúde e o PAC de Betanzos- entre outros elementos de por medio, complicando innecesariamente a xestión dos distintos recursos deste macrocentro escolar que supera as mil matrículas curso tras curso.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-A que se deben as filtracións que se rexistraron no comedor e nas aulas colexio de educación infantil do CEIP Vales Villamarín?

-Por que motivo mete auga no interior do colexio o lucernario?

-Que actuacións prevé a Consellería de Educación para atallar todas estas filtracións e en que prazos prevé acometelas para que os escolares non padezan os erros e grallas construtivas?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/01/2020 11:15:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/01/2020 11:16:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/01/2020 11:16:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2020 11:16:18**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/01/2020 11:16:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2020 11:16:35**



## Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O modelo de política sanitaria da Xunta de Galicia, xunto coa levada a cabo, no seu momento, polo Goberno de Rajoy provocou, e segue a provocar, un especial deterioro, do sistema sanitario de Galicia.

Un especial deterioro que onde máis se está a manifestar e na atención primaria do rural. Unha atención primaria que nos últimos tempos vén sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implantación das políticas sanitarias, incluído o persoal profesional que traballa no sistema.

Os distintos recortes que soportan estes servizos básicos tradúcense na nula cobertura das ausencias, motivadas por permisos, vacacións, e baixas por incapacidade laboral que sofren os colectivos profesionais titulados, provocando todo isto un considerable empobrecemento na calidade do servizo.

Todos estes feitos indican que nos atopamos ante unha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos, froito, como xa se indicou, das políticas implantadas e levadas a cabo no últimos anos polo Goberno Feijóo.

Unha ineficiente xestión que dá lugar a numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, para logo ser o xerme dun foco continuo de protestas e manifestacións. As cales, en moitos casos, obrigan ao Goberno da Xunta a recuar, como o recente exemplo do anuncio da reapertura do paridoiro de Verín.

Esta problemática da deficiente atención primaria, que afecta en xeral a todo o que vive e reside no rural galego, tampouco é allea á comarca de Compostela. Unha comarca que nos últimos tempos sofre este continuo recorte de servizos nos seus respectivos centros de saúde, especialmente, nos servizos de atención pediátrica, como se ten posto de manifesto moi recentemente nos concellos de Touro e O Pino, nos que o Sergas mantivo pechado “de facto” o servizo pediátrico durante máis de dous meses ao negarse a cubrir a baixa da pediatra titular tras sufrir esta un proceso de incapacidade temporal.



Aínda que o caso de Touro e O Pino é o máis recente e notorio non é o único. Estes recortes nos servizos de pediatría danse de forma recorrente e ano tras anos, entre outros, nos centros de saúde dos concellos da Baña, Vedra, e Val do Dubra.

Un problema repetido no tempo que causa malestar entre a cidadanía, a cal demanda solucións.

Houbo distintos procesos de mobilizacións, hai máis programados, están rexistradas varias queixas por escrito dos usuarios que, tamén, demandan a cobertura destes servizos ás distintas corporacións locais e alcaldes.

Unha das últimas reclamacións é a do alcalde da Baña, José Antonio Pereira, solicitando por escrito á xerente da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, Eloína Núñez Masid, e ao responsable da Dirección Primaria, Felipe Calle Velles, poñer fin a este tipo de recortes. Misiva, que a día de hoxe segue sen recibir resposta por parte de ningún responsable da Consellería de Sanidade.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que medidas ten pensado tomar a Xunta de Galicia, para que esta problemática non se repita en Galicia, e sobre todo na Comarca de Compostela?

2ª) Cal é a razón pola que a Xunta de Galicia non responde ás reiteradas queixas, protestas e incluso solicitudes de alcaldes/as e corporacións locais?

3ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación que vén de vivir o centro de saúde de Touro e O Pino, que estivo pechado “de facto” o seu servizo pediátrico durante máis de dous meses?

4ª) Considera o Goberno galego que a solución adoptada é a correcta?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 22/01/2020 10:42:47**

**Julio Torrado Quintela na data 22/01/2020 10:42:58**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/01/2020 10:43:13**



## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En Galicia as especies empregadas nas plantacións co xénero *Eucalyptus*, son principalmente o *Eucalyptus Globulus* e o *Eucalyptus nitens*, maioritariamente utilizados polo sector da celulosa. O *Eucalyptus nitens* de máis recente aparición debe o seu éxito ao seu elevado crecemento, maior resistencia ás pragas e enfermidades, como tamén á adaptación a zonas de maior altitude, pola súa resistencia ás xeadas.

A importancia do eucalipto na economía do rural galego, onde, tres distritos forestais no norte de Galicia concentran o 25 % das cortas de madeira de España e o 43 % de Galicia.

En Galicia os aproveitamentos forestais, convertéronse nunha fonte de riqueza para os propietarios privados. Dos 9,7 millóns de metros cúbicos que se cortaron no ano 2018, 4,1 correspondéronse coas áreas de Ortegal, Bergantiños e As Mariñas coruñesa e A Mariña de Lugo, zonas, nas que 3,4 millóns son para o xénero *Eucalyptus*, e que acapara o 82 % da produción.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Na actualidade, cal é a superficie de hectáreas de *Eucaliptus nitens* plantadas en Galicia, especificada pola estrutura da propiedade forestal e por distrito?

2ª) Na actualidade, cal é a superficie de *Eucaliptus globulus* plantadas en Galicia, especificada pola estrutura da propiedade forestal e por distrito?

3ª) Na actualidade, cal é a superficie doutras especies de eucalipto plantadas en Galicia, especificada pola estrutura da propiedade forestal e por distrito?

4ª) Cal foi a cantidade cortada de *Eucaliptus nitens* en Galicia, nos anos 2018 e 2019, especificada pola estrutura da propiedade forestal e por distrito?



5ª) Cal foi a cantidade cortada de *Eucalyptus globulus* en Galicia, nos anos 2018 e 2019, especificada pola estrutura da propiedade forestal e por distrito?

6ª) Cal foi a cantidade cortada doutras especies de eucalipto en Galicia, nos anos 2018 e 2019, especificada pola estrutura da propiedade forestal e por distrito?

7ª) Cal foi a produción de *Eucalyptus globulus*, *Eucalyptus nitens*, *Pinus radiata*, *Pinus pinaster* e de *Pinus sylvestris* declarada de planta nos viveiros galegos, nos anos 2016, 2017, 2018 e 2019, especificado por especie e provincias?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/01/2020 11:15:44**

**Oscar Vilar Chento na data 22/01/2020 11:15:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego vemos con preocupación a situación na que se atopa o colexio Frei Luís de Granada de Sarria.

O edificio, inaugurado en 1974, presenta importantes deficiencias na súa estrutura o que está a provocar a aparición de novas gretas e o agravamento doutras que xa existían. Esta situación non é nova pois en 2011 foi preciso intervir sobre a infraestrutura nunhas obras que duraron dez meses e que obrigaron a reubicar o alumnado noutro centro.

As obras de 2011 supostamente corruxiran os problemas estruturais do edificio pero o certo é que non á vista dos acontecementos.

A Consellaría de Educación decidiu instalar a comezos de xaneiro puntais no patio así como en corredores e algunha das aulas para paliar as deformacións





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

perante as denuncias da dirección e o profesorado do centro que advertían do empeoramento do edificio.

Neste contexto, desde o BNG compartimos a preocupación de docentes e familias pola seguridade do estudantado nun centro cuxa infraestrutura está deformada e agretada así como polos puntais instalados. Máis aínda cando desde a delegación da Xunta en Lugo aseguraban que o centro é seguro sen contar nin sequera cun informe técnico que así o corroborase.

De feito, en xuntanza coas familias, técnicos da Consellaría aseguraron que o edificio é defectuoso e que, en todo caso, era decisión das familias levar ou non as súas fillas e fillos ao centro nas condicións actuais.

É unha irresponsabilidade que a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, derive nas familias as súas obrigas e non adopte as medidas que correspondan para garantir a seguridade do edificio, do profesorado e do propio alumnado, mesmo se iso significa –como aconteceu en 2011-- que o estudantado teña que ser temporalmente ubicado noutro centro entretanto non se acometen as intervencións necesarias.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a situación na que se atopa a estrutura do CEIP Frei Luis de Granada de Sarria?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Por que razón a Xunta decidiu apuntalar o patio, corredores e algunha das aulas?

- Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galiza a curto, medio e longo prazo para garantir a seguridade do profesorado e o alumnado?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/01/2020 12:18:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/01/2020 12:18:46**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 22/01/2020 12:18:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2020 12:19:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/01/2020 12:19:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2020 12:19:21**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, sobre a incorporación de Galicia como membro observador na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa

De acordo co espírito da coñecida como Lei Paz Andrade, LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, o 9 de outubro de 2018 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou unha resolución co apoio de todos os grupos da Cámara que dicía:

“O Parlamento insta a Xunta a adoptar as medidas que sexan necesarias, antes de finalizar a presente lexislatura, para impulsar a solicitude de admisión de Galicia como membro na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa. Así mesmo, insta o Goberno galego a desenvolver de maneira real e efectiva a Lei Paz Andrade para o aproveitamento da lingua e cultura portuguesas convocando prazas docentes de portugués na vindeira oferta pública de emprego dirixida ao ensino e a dotar de orzamento nas contas para 2019 a aplicación desta lei “

Una entrada que require, para facerse efectiva, do visto bo do goberno do Estado. Un ano despois da aprobación desta resolución de consenso na Cámara galega soubemos da intención do Estado español de solicitar a súa entrada, unha solicitude que podería ir acompañada da solicitude galega.



Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Vai o Goberno galego manter a solicitude de entrada de Galicia na CPLP?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 22/01/2020 11:41:17**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/01/2020 11:41:25**

**Paula Quinteiro Araújo na data 22/01/2020 11:41:35**

**Marcos Cal Ogando na data 22/01/2020 11:41:49**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez e Óscar Vilar Chento**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O día 17 de xaneiro (era venres), este grupo parlamentario convocaba unha rolda de prensa para falar de asuntos concretos relacionados coa portavocía de Medio Ambiente, que resultou falada por dous deputados do dito grupo. Efectivamente, anunciaron ese día unha batería de iniciativas parlamentarias para censurar á conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, a súa “dobre faz” ao presentar unha lei contra os residuos contaminantes pero mirar para outro lado cando estes levan afectando anos á súa localidade onde, como alcaldesa, nun Pleno de xullo de 2015 expresamente se opuxera a controlar os vertidos.

Distintos medios de comunicación de ámbito galego estiveron na rolda, polo que a noticia saíu en distintos medios de Galicia. Non obstante, a Televisión de Galicia (TVG), medio de comunicación público, non dixo nin unha palabra sobre o acontecido nos telexornais de mediodía e do serán, o que non é máis que unha mostra da censura que leva poñendo en marcha a directiva da TVG dende a chegada ao poder do presidente Feijóo e da manipulación informativa sistemática que realiza nos informativos da TVG. Iso si, aquel 17 de xaneiro houbo tempo nos programas para falar do anuncio de “Los Chunguitos” en Luar, de ducias de mascotas recibindo a bendición de San Antón ou da conselleira de Infraestruturas falando das “mentiras do Goberno do Estado” sobre o AVE.

Xa que logo, unha nova acción de censura informativa que merece unha explicación pública, unha nova manipulación que non ten outro fin que ocultar á cidadanía galega calquera tipo de crítica, neste caso referente a unha das conselleiras do Goberno galego.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal foi o criterio da CRTVG para vulnerar as súas obrigas informativas como medio público galego e vetar a información que afectaba á conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda?





Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2020 16:27:45**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/01/2020 16:27:56**

**Oscar Vilar Chento na data 22/01/2020 16:28:07**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O pasado mes de decembro a Xunta de Galicia enviou unha felicitación persoal do presidente Feijóo aos pais e nais das crianzas das escolas infantís de 0-3 anos, xunto cunha fotografía das crianzas.

Empregou os recursos públicos e as traballadoras para facer propaganda electoral. Algúns pais e nais, así como algunhas traballadoras, expresaron o seu malestar con este feito.

Na carta, Alberto Núñez Feijóo, ponse a disposición dos proxenitores, dicindo o seguinte: "me trasladedes calquera aspecto no que poidamos seguir mellorando".

Tamén o comité da Consellería de Política Social da provincia de Pontevedra denunciou que o pasado mes de Nadal estiveron pasando polas escolas infantís do Consorcio e máis da consellaría, fotógrafos profesionais para facer fotos de cada unha das crianzas matriculadas en todos os centros do país. "Un traballo que se fixo sen ter en consideración as necesidades das meniñas e meniños e interrompendo o seu ritmo diario".

Ademais, denuncia que aos centros de traballo chegaron indicacións precisas para que "as traballadoras e traballadores ensobraran as fotos e maila carta, facendo así que, o persoal, fixese de axente de propaganda". E isto sucede, mentres as traballadoras denuncian que os centros de traballo non contan cos



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

materiais necesarios (xoguetes, contos, etc.)", e que presentan graves deficiencias nas instalacións ou falta de persoal.

Parece que hai diñeiro público para fins partidistas pero non para solventar problemas graves nas instalacións, incluso de seguridade para estudantes e traballadoras ou para cubrir ao persoal nas súas ausencias.

Trátase dun gasto que non presenta ningunha xustificación. Unha actuación que como mínimo se pode cualificar de electoralista, para promoción persoal do presidente da Xunta en vésperas electorais.

Por todo o exposto preséntanse as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Canto costou a realización das fotografías e o envío da carta do Presidente da Xunta aos pais e nais das crianzas das escolas infantís da Xunta?
- 2.<sup>a</sup>) Como xustifican a utilización de cartos públicos con fins propagandísticos ?
- 3.<sup>a</sup>) Que medidas van tomar para solucionar as graves carencias en instalacións e persoal que denuncian as traballadoras?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**







# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Paula Quinteiro Araújo na data 22/01/2020 16:31:52**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de que a Xunta clarifique que é o “consentimento informado reforzado” do que falou o Presidente da Xunta o pasado 20 de xaneiro de 2020.

O pasado 22 de novembro de 2019 a Xunta de Galiza tomaba a decisión exclusivamente política de que a partir do 1 de decembro non se prestarían os servizos de sala de partos nin tampouco habería gardas de urxencias de pediátría hospitalaria.

Esta decisión chegaba despois dunha longa lista de agravios con este Hospital, e ás portas dunha mobilización anunciada para o 30 de novembro despois dos acontecementos respecto da área de dermatoloxía e as sospeitas da situación futura da cociña. Esta mobilización foi histórica polo seu número de participantes, cifrado en 20.000 persoas por Protección Civil, e polo seu amplo respaldo por diferentes sensibilidades sociais e políticas. Foi continuada cun peche no Hospital que continúa no momento de asinar esta iniciativa e que levou mesmo a que a sociedade de Verín celebrar o aninovo manifestándose.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Finalmente, froito da presión social, a Xunta de Galiza rectificou anunciando o sábado 18 de xaneiro a cobertura inmediata de pediatras neste hospital para reanudar o servizo de partos no mes de febreiro. Porén, ademais de non desculparse, o goberno galego, a través do seu Presidente, manifestou que se exixiría neste hospital a sinatura dun “consentimento informado reforzado” que non existe e que parece máis ben unha manobra autoexculpatoria que parece buscar que haxa sombra de dúbida sobre o servizo que se vai prestar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

En que consiste o “consentimento informado reforzado”?

Por que se vai pedir no Hospital de Verín? Pedirase nalgún máis? Que motiva a existencia deste documento? Cal é o seu texto?

Insinúa o goberno galego que anteriormente estaban mal informadas as mulleres que se atendían en Verín?

Insinúa o goberno galego que anteriormente as e os profesionais de Verín non facían as derivacións adecuadas cando as condicións da xestante ou do feto así o requirían?

Vaise desculpar o goberno galego e parar de intentar desacreditar as e os profesionais?

Vai deixar de esconderse o goberno galego en desculpas técnicas?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cando vai recuperar a carteira de servizos d o Hospital de Verín?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2020 19:31:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/01/2020 19:31:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/01/2020 19:31:33**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/01/2020 19:31:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/01/2020 19:31:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2020 19:31:55**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porritt Lueiro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 17 de xaneiro a Secretaría Xeral de Igualdade publicaba nas súas redes sociais a reunión de traballo que mantivera co alcalde de A Veiga e alcaldesa de Larouco, así como con portavoces dos concellos de Manzaneda e Trives.

O fin da reunión, segundo expresa no seu post, foi a de falar sobre os recursos de Igualdade, conciliación e violencia de xénero nestas áreas xeográficas.

Chama a atención o porqué non se considerou facer partícipe da reunión alí mantida os máximos representantes dos concellos de Manzaneda, da man do seu alcalde Amable Fernández e por parte de Trives, coa súa alcaldesa Patricia Domínguez. Máxime cando o único CIM da zona, mancomunado co concello de Manzaneda, se sitúa no concello de Trives, cun mellor e máis próximo coñecemento polo tanto ambos concellos das necesidades e recursos cos que contan as mulleres desta área xeográfica.

Non parece que unha reunión que se realiza en instalacións da propia Xunta de Galicia, pero que se torna exclusiva dun partido político e na que non parece primar o verdadeiro interese da mesma, que é ter o mellor coñecemento da realidade desta parte do territorio galego, sexa nin o mellor modo de facer uso dos recursos públicos nin o método máis participativo e inclusivo que se agarda da Administración galega.

Non parece que unha reunión que se realiza en instalacións da propia Xunta de Galicia, pero que se torna exclusiva dun partido político e na que non parece primar o verdadeiro interese da mesma, que é ter o mellor coñecemento da realidade desta parte do territorio galego, parece nin o mellor modo de facer uso dos recursos públicos nin o método máis participativo e inclusivo que se agarda da Administración galega.



Polo exposto, e polo grave uso partidista que se fai dun organismo público, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como se xustifica que na reunión de traballo levada a cabo o pasado 17 de xaneiro no despacho da Secretaria Xeral de Igualdade non se convocase ós máximos representantes dos concellos de Manzaneda e Trives, isto é ó seu alcalde e alcaldesa respectivamente?
2. É unha práctica habitual empregar o despacho da Secretaria Xeral de Igualdade como espazo para desenvolver reunións de traballo exclusivas do partido popular?
3. Cree a Secretaría Xeral de Igualdade que non facer partícipe nas reunións de traballo sobre recursos de igualdade dunha área xeográfica daquelas persoas que directamente están implementando e xestionando a nivel local os recursos de igualdade é un método eficaz de traballo?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2020

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Patricia Otero Rodríguez  
Noela Blanco Rodríguez  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
Patricia Vilán Lorenzo  
María Teresa Porritt Lueiro  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 23/01/2020 10:17:54**

**Patricia Otero Rodríguez na data 23/01/2020 10:18:05**

**Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2020 10:18:15**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/01/2020 10:18:26**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 23/01/2020 10:18:37**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/01/2020 10:23:32  
**Nº Registro: 62294**  
Data envío: 23/01/2020 10:23:32.814

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 23/01/2020 10:18:49**

CSV: BOPGDSPG9RHRbhpq4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa o futuro do CCG e o CGAI así como o investimento da AGADIC nas unidades públicas de produción e filмотека.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego vén denunciando o progresivo desmantelamento ao que, desde hai dez anos, o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza condena os organismos e institucións culturais públicos.

Alén do recorte orzamentario que aínda mantén en niveis de investimento inferiores a 2012 a Consellaría de Cultura, nos Orzamentos para 2020 –como xa temos denunciado-- a Xunta de Galiza recorta de novo as partidas dirixidas ao Centro Dramático Galego, o Centro Coreográfico Galego e o CGAI.

Se isto fose pouco, en resposta a unha pregunta oral formulada polo noso grupo, o conselleiro de Cultura avanzou a aprobación dun decreto de reforma dos estatutos da AGADIC que introducen mudanzas de calado na xestión das unidades de produción públicas, entre elas, a perda de autonomía de ambos os dous centros.

Recentemente, nunhas xornadas sobre a situación da Danza en Galiza organizadas polo Consello da Cultura, o director da AGADIC anunciou que desaparece





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

a figura de dirección do Centro Coreográfico o que, xunto a un pírrico orzamento de 50 mil euros en 2020, supón a práctica desaparición deste centro.

De igual maneira, todo apunta a que a folla de ruta do Partido Popular na Xunta é que o mesmo aconteza co CGAI, actualmente sen dirección após a xubilación do anterior responsábel.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que pretende a Xunta de Galiza co CCG e o CGAI?
- Por que deixa sen dirección estes dous centros públicos?
- Vai manter a política de recortes orzamentarios?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 11:11:14**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 11:11:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 11:11:33**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 11:12:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 11:12:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 11:14:50**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No concello de A Cañiza, o consultorio de Valeixe ofrece servizo sanitario a un conxunto de 700 veciños e veciñas, aproximadamente, da propia parroquia e tamén dos límites concellos de Arbo ou Crecente.

O contexto no que se ofrece este servizo é paradigmático do rural galego, tendo unhas poboacións dispersas e con idades moi avanzadas, que teñen problemas propios de mobilidade e con moitas dificultades de transporte. A inexistencia dun transporte público eficiente pon máis obstáculos para os desprazamentos, e evidencia a necesidade dunha atención primaria de proximidade, primando as necesidades por riba dos ratios estandarizados.

Non en tanto, nos últimos tempos existe unha elevada inseguridade entre a poboación sobre a garantía de asistencia sanitaria recibida, pois a xubilación do médico que ocupaba esa praza non conlevou unha nova praza para un novo profesional, senón que a cobertura ofrécese dende entón de maneira irregular, con horarios e días non continuados.

Esta situación forza a veciños e veciñas a desprazarse ao centro de A Cañiza, a varios quilómetros, o que provoca maior dificultade para pacientes e saturación do propio centro que acolle a un volume de usuarios superior ao que ten previsto. Esta situación xera demoras excesivas para a atención, que resultan un problema para un correcto seguimento dos e das pacientes.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria para os veciños e veciñas que teñen como referencia o centro de Valeixe é correcta e satisfactoria?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar a situación da atención primaria para os veciños de Valeixe, Arbo e Crecente afectados pola inestabilidade na situación do centro de Valeixe?





Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Vilán Lorenzo  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 23/01/2020 12:16:20**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 23/01/2020 12:16:32**

**Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2020 12:16:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar diante da vulneración dos dereitos lingüísticos dos galego falantes na Consellaría de Sanidade.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os galegas e galegos só atopamos dificultades para vivir con normalidade en galego. O noso idioma sofre marxinación en ámbitos tan diferentes como no ensino, na administración, na xustiza, no audiovisual, no lecer, medios de comunicación, edición de libros...

Ter unha lingua propia é unha riqueza, é un tesouro. Normalizar a lingua é normalizar a existencia plena do pobo galego.

Por iso é incomprensíbel que o PP, con Feixóo á cabeza, se empeñe en debilitar a lingua propio do pobo galego, facendo que perda protagonismo polas políticas de desprezo e agresión que practican.

Dentro do incumprimento xeneralizado por parte da Xunta de Galiza a Consellaría de Sanidade é das que máis denuncias recibe cada ano da cidadanía por vulneración de dereitos lingüísticos como reflicte anualmente o informe do servizo A Liña do Galego posto en marcha pola Mesa pola Normalización Lingüística.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Trátase dunha práctica constante e reiterada que vai desde a sinalética nos centros sanitarios, os informes entregados os/as doentes, a documentación interna, a atención tanto telefónica como presencial...

A situación é de tal gravidade que se lle nega o documento do consentimento informado en galego ás persoas que o solicitan, manifestando sen rubor, que non dispoñen dos mesmos no noso idioma; ou se chega á gravísima situación que tivo que vivir un neno e a súa nai no Hospital Álvaro Cunqueiro. A nai denunciou que tras acudir ao servizo de urxencias co neno, a pediatra que o atendeu esixiu que se dirixisen a ela en castelán, tendo que facer a nai de tradutora do seu fillo por medo a que de non facelo non fora ben atendido.

É inaceptábel que o Goberno galego na vez de impulsar o coñecemento, o uso e o respecto dos dereitos lingüísticos das galegas e galegos sexa o principal incumpridor, e aínda máis cando ese incumprimento se produce nunha situación de tanta vulnerabilidade como cando unha persoa precisa de atención sanitaria.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai rectificar a Consellaría de Sanidade a súa política de agresión ao idioma galego e tomar de inmediato todas as medidas precisas para garantir os dereitos lingüísticos dos galego falantes?

Que opinión lle merece a situación de vulneración dos dereitos lingüísticos que tiveron que vivir un neno e a súa nai no servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro?

Que medidas tomaron diante da denuncia presentada?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cal é a razón de persistir en non ter en galego a documentación que se lle ofrece aos doentes, nomeadamente o consentimento informado?

Cando van garantir a existencia de exemplares en galego de calquera documentación que se lle teña que facilitar aos doentes ou que teñan que asinar?

Vai normalizar a presenza do galego nos centros sanitarios: sinalética, cartelería, documentación interna e na relación cos doentes?

Que accións formativas e informativas realiza tanto para que os/as profesionais teñan a competencia lingüística precisa para atender os/as doentes no noso idioma como para que coñezan os dereitos lingüísticos que os asisten?

Ten tomado medidas disciplinarias cos/as profesionais que vulneran os dereitos lingüísticos dos galego falantes? Cales, cantas e en que datas?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 12:42:46**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 12:42:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 12:43:00**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 12:43:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 12:43:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 12:43:23**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O 18 de xaneiro, tras máis de dous meses de peche, a Xunta anuncia que reabrirá a unidade de partos do Hospital de Verín, coa contratación de dúas persoas profesionais de pediatría.

Ao tempo, anunciou que traballa “na redacción do protocolo dos servizos hospitalarios implicados que permita retomar a atención aos partos en Verín, con seguridade e garantías imprescindibles para as nais e os nenos, nos primeiros días do vindeiro mes de febreiro”.

O luns, 20 de xaneiro, nun acto no Hospital de Ourense, o Presidente Feijóo sinalou que os partos en Verín se levarán a cabo sempre que se conte cun “consentimento informado e reforzado”, para manter a atención a “un parto ordinario e sen complicacións mantendo a práctica clínica que ten neste momento”. Tamén o Conselleiro de Sanidade se ten referido á necesidade dun “novo protocolo de actuacións”. Asemade, o protocolo trasladado para a derivación de embarazadas a Ourense xa fora contestado polas profesionais de Verín, en relación a que case ningunha muller podería parir en Verín.

O consentimento informado é un procedemento habitual, pero esa idea de “reforzalo” semella só responder a un intento de amedrentar ás nais que decidan parir en Verín e de presionar ás e aos profesionais do centro. O consentimento informado é un procedemento de información ás persoas usuarias do sistema sanitario, non pode utilizarse de xeito defensivo para salvagardar a responsabilidade do SERGAS.



Polo exposto, a deputada e deputados que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta escrita:

- Como pretende a Xunta facer o “novo protocolo de actuacións” para os partos no Hospital de Verín?
- A que responde a idade do consentimento informado reforzado? Non lle parece que chocha coa legalidade?
- Vai a Xunta pedir perdón pola xestión do peche e reapertura da unidade de partos de Verín?
- Ten intención a Xunta de volver pechar a unidade de partos de Verín?
- Vai contar coas e cos profesionais de Verín para a redacción do novo protocolo?
- Vanse unificar os protocolos de atención ao parto dos hospitais comarcais?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal.

Deputada e deputados do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 23/01/2020 14:02:20**

**David Rodríguez Estévez na data 23/01/2020 14:02:31**





**Luis Villares Naveira na data 23/01/2020 14:02:42**

**Francisco Casal Vidal na data 23/01/2020 14:02:53**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta por escrito.

O edificio Teixugueiras 15-17, sito en Vigo, é propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) nun 51,03 %, sendo no seu día o dito organismo tamén promotor da construción do inmoible. Dende hai moito tempo existen multitude de deficiencias: problemas coa instalación de ventilación para 384 vivendas, problemas coa instalación de captación solar e problemas de mantemento xeral que están a orixinar patoloxías que semella requiren un estudo xeral da situación do edificio. A maiores, o IGVS debe á comunidade de propietarios a cantidade de 31.788,49 euros (no mes de novembro de 2019); pese a iso, a reunión anual da comunidade non se celebrou o pasado ano.

Tanto as persoas propietarias (os que presentan reiteradas queixas por escrito), como a entidade encargada da administración do edificio, como o propio IGVS teñen coñecemento desta situación, mais nada se fai. E a esixencia de responsabilidade polos defectos na construción rematará o día 14 de xullo de 2020.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno galego da situación do edificio Teixugueiras 15-17 (en Vigo) e propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) nun 51,03 %?
2. Que pensa facer o Goberno? Cando?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2020 16:35:44  
**Nº Rexistro: 62383**  
Data envío: 23/01/2020 16:35:44.835

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 23/01/2020 16:34:49**

**María Luisa Pierres López na data 23/01/2020 16:35:01**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG9RHRbhpq4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á dotación de ambulancia medicalizada na comarca do Deza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.As ambulancias medicalizadas, ou Ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA), son vehículos cuxo equipamento e dotación permite prestar asistencia médica *in situ* a pacientes críticos, no menos tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para manobras de soporte vital avanzado. Estas ambulancias prestan servizo as 24 horas ao día, os 365 días ao ano, e están en contacto permanente coa Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

O comarca do Deza sofre discriminación a este respecto con respecto a outras comarcas con menos envellecemento da poboación, menos dispersión xeográfica e menor distancia aos hospitais de referencia.

Na provincia de Pontevedra, os vehículos de horario especial teñen base en Arbo, Baiona, Pontearreas, Vigo e Vilagarcía, quedando o interior da provincia, e concretamente a comarca do Deza, totalmente desatendidas por este tipo de ambulancias.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No caso da comarca do Deza é habitual, debido a saturación do servizo, que se teñan que acercar ambulancias de Melide ou da Estrada, con correspondente retraso do servizo, o que implica a posta en perigo dos pacientes.

Estamos diante dun tema de especial gravidade, e por iso consideramos que se debe dotar a Lalín e a comarca do Deza dunha ambulancia medicalizada para atender casos de especial gravidade. Esta é unha demanda do conxunto da sociedade lalinense, que se sente desprotexida e discriminada polo trato do SERGAS, no que a servizos sanitarios públicos se refire.

2. Actualmente, a comarca do Deza conta con dúas ambulancias de soporte vital básico, unha localizada en Silleda que dá servizo a Silleda e Vila de Cruces e outra localizada en Lalín que dá servizo a Lalín, Rodeiro, Agolada e Dozón.

A ambulancia de Lalín atende emerxencias nunha área de 580km<sup>2</sup>, con moita dispersión xeográfica e tempos de resposta que en condicións normais poden xa ser superiores ao recomendábel. Esta situación agrávase polo feito de ter que facer traslados ao hospital de referencia en Santiago de Compostela ou pola necesidade de recoller sanitarios no PAC de Lalín.

3. Lalín é a cabeceira dunha ampla comarca que supera os 45.000 habitantes, unha cifra máis que considerable para uns servizos sanitarios totalmente deficientes en todos os aspectos, tanto no servizo de gardas médicas como en urxencias, así como en especialidades e traslados de emerxencia. Concretamente, no referente aos traslados en ambulancia de enfermos graves e accidentados, especialmente politraumatizados ou persoas que sufriron un infarto, non se entende porque Lalín dispón unicamente dunha ambulancia.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante da preocupación polas carencias que presenta a comarca do Deza, o pleno do concello aprobou por unanimidade, o pasado mes de xullo, unha moción na que se insta á Xunta de Galiza a dotar unha ambulancia medicalizada con sede en Lalín.

4. O pasado 13 de outubro produciuse o falecemento dunha persoa en Dozón por una insuficiencia cardíaca. A ambulancia tardou máis de 50 minutos en chegar, o que pon en evidencia a insuficiencia de medios con que conta esta área xeográfica.

Nesa noite as dúas ambulancias con base no Deza estaban de servizo. A de Lalín trasladárase ate Agolada para atender unha emerxencia, e a de Silleda estaba facendo un servizo nesa localidade. Finalmente foi mobilizada unha ambulancia mais cando chegou a persoa xa falecera.

Esta situación pon en evidencia a insuficiencia de recursos sanitarios na comarca do Deza, e a necesidade de contar con máis medios de resposta diante de emerxencias sanitarias.

Logo desta traxedia, como resposta a unha pregunta de Ana Pontón ao presidente da Xunta, este anunciou unha terceira ambulancia para o Deza. Mais a realidade é que non se trata propiamente dunha ambulancia senón dun vehículo de apoio, que se utiliza para actividades programadas, sen dispoñibilidade a tempo completo e que só conta con dotación de técnico/a-condutor/a.

Como resposta a este agravio e esta discriminación, o BNG iniciou unha campaña de mobilización social en demanda da ambulancia medicalizada e recolleu en pouco tempo máis de 7.500 sinaturas, nunha proba clara da sensibilización e da demanda unánime da comarca en defensa deste recurso sanitario básico.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galiza suficiente a cobertura sanitaria das emerxencias na comarca do Deza?
2. Coñece a Xunta de Galiza as deficiencias que en materia de emerxencias sanitarias sofre Lalín e a comarca do Deza?
3. Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para facer fronte a esta situación?
4. Comparte o goberno galego a demanda plasmada no acordo plenario do concello de Lalín do pasado mes de xullo?
5. Comparte o goberno galego a demanda social maioritaria da comarca do Deza a respecto da necesidade de dotación dunha ambulancia medicalizada?
6. Ten previsto a Xunta de Galiza dotar a comarca do Deza dunha ambulancia medicalizada?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 16:59:51**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 16:59:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 17:00:05**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 17:00:13**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 17:00:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 17:00:28**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao anuncio feito polo presidente da Xunta de solicitar un consentimento informado e reforzado para as nais que teñan xs seus fillos no Hospital de Verín.

Este luns, 20 de xaneiro, o Presidente da Xunta nunha visita realizada a Ourense manifestou, con respecto á sala de partos e de urxencias de pediatría do Hospital de Verín “se fará un consentimento reforzado e informado para que as nais nos autoricen”.

Chama a atención esta declaración de solicitar para as nais que teñen como referencia para a atención sanitaria o Hospital de Verín un consentimento informado “reforzado”, toda vez que o consentimento informado está regulado en Galiza pola Lei 3/2005, do 7 de marzo, de modificación da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, e na mesma non consta esta figura.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polas razóns expostas formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

En que lexislación se fundamenta o consentimento informado reforzado anunciado polo Presidente da Xunta?

Vai esixírselle só as mulleres que teñen como hospital de referencia o Hospital de Verín ou vai ser para todos os hospitais do Sergas?

Se só vai esixirse para o Hospital de Verín, cal é a razón?

Por que se anuncia este novo consentimento reforzado xusto agora?

É pretensión do Goberno galego trasladar as mulleres que desexen ter xs seus nenxs no Hospital de Verín a responsabilidade da atención que reciban ou de calquera problema que poida xurdir?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 17:10:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 17:10:42**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 17:10:50**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 17:10:58**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 17:11:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 17:11:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galiza e a fundación privada Cipri Gomes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Cipri Gomes é presuntamente unha organización sen ánimo de lucro cualificada no su día como de interese deportivo (tal e como se pode constatar na orde do 4 de xullo do ano 2010) e de interese galego (tal e como se pode comprobar no DOG do 12 de agosto de 2010 onde se recolle a resolución de 2 de agosto de 2010 pola que se declara este interese e se ordena a inscrición no rexistro de fundacións de interese galego.

No ano 2012, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuito o edificio do antigo instituto á Fundación “Cipri Gomes” así como o seu polideportivo anexo por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi beneficiaria dunha subvención vencellada os programa Leader, que nace co obxectivo





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063).

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha Proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Nese mesmo ano cómpre lembrar que se ditaminaba, co resultado de condena, o que se denominou na prensa escrita como “prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012”.

Desde o acordo do ano 2018 foron varias as preguntas realizadas en comisión e no ano 2018 a Xunta de Galiza confirmaba que esta cuestión estaba a ser investigada pola fiscalía. Desde entón, non recibimos nova información por parte da Xunta de Galiza, e a realidade é que esta fundación continúa con actividade ao longo do territorio, particularmente en varios concellos de Ourense.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Cantas axudas, subvencións ou convenios de colaboración ten subscrito a Xunta de Galiza coa Fundación Cipri Gomes desde o ano 2010?
- Cantas desde Vicepresidencia? De que montantes? Están debidamente xustificadas?
- Cantas desde Presidencia? De que montantes? Están debidamente xustificadas?
- Cantas desde a Consellaría de Economía, emprego e industria e as anteriores consellarías competentes en materia de promoción do emprego? De que montantes? Están debidamente xustificadas?
- Que actuacións levou a cabo o goberno galego para a toma en consideración e cumprimento por parte de Agader do acordo emanado da Cámara galega?
- Por que medios e en que datas se tratou esta cuestión?
- Ten constancia a Xunta de Galiza de se a Fundación Cipri Gomes de Viana do Bolo cumpre coas funcións comprometidas para a obtención de recursos económicos a través da Agader e os fondos Leader?
- Ten coñecemento o goberno galego das prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012 polas que foi condenado o señor Cipriano Augusto Gomes, presidente da Fundación Cipri Gomes?
- Ten avaliado se a xestión de fondos públicos desta entidade cumpre coas garantías esixíbeis?
- Considera que debería retirárselle a condición de interese galego?





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Ten esta fundación a documentación económica de cotas e taxas ao día respecto do ano 2017? e 2018? e 2019?

- Coñece o goberno galego en que situación está o proceso da fiscalía?  
Interesouse por isto dalgunha maneira?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 17:28:03**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 17:28:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 17:28:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 17:28:25**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 17:28:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 17:28:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de que o goberno galego asegure o mantemento dun número suficiente de persoal de pediatría na comarca do Ribeiro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por especialistas de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é en Ribadavia por mor da falta de cobertura de baixas e pola proximidade á xubilación dun dos dous facultativos especializados.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Nos últimos datos de poboación do Instituto Galego de Estatística constan 1.201 nenos e nenas menores de 16 anos, polo que acorde ás recomendacións na materia é preciso que se manteñan, cando menos, os dous postos.

Por isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai garantir o goberno galego a cobertura das dúas prazas de pediatría en Ribadavia nos próximos anos?

Como valora o Goberno galego a situación do servizo de pediatría no Ribeiro?

Considera a Xunta de Galiza que se teñen cuberto de forma adecuada as baixas temporais da área de pediatría?

Considera o Goberno galego que están atendidos de forma suficiente os nenos e nenas da comarca?

Prevé algunha xubilación na zona? Para que ano? Como vai asegurar a súa cobertura?

Vai proceder a Xunta a dotar o Centro de Saúde da Cavada, en Oleiros, co servizo de pediatría, e reforzar este servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 17:40:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 17:40:09**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 17:40:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 17:40:22**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 17:40:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 17:40:39**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A falta do servizo de hemodinámica as 24 horas en Ourense, supón unha discriminación respecto ao acceso á asistencia sanitaria das persoas desa zona.

Pese a numerosas solicitudes e a unanimidade no criterio das e dos profesionais en sinalar que a atención inmediata nos infartos aumenta as posibilidades de supervivencia, máis dun centenar de persoas de Ourense son trasladadas a Vigo pola falta deste servizo, ante a negativa da Xunta de implantalo.

Con todo, fai uns días que o presidente anunciou a apertura do servizo, sen dar ningunha información sobre as dotacións principalmente en materia de persoal así como as condicións laborais das e dos propios profesionais.

Segundo o xefe de cardioloxía do Hospital de Vigo, o servizo de enfermería tamén resulta esencial no equipo e precísanse máis equipos que os actuais para poder manter o servizo as 24 horas, polo que faise totalmente necesaria formación dos mesmos, tendo tamén en conta en materia de condicións laborais os quendas de descanso ou vacacións.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Cal vai a ser a dotación de persoal para levar a cabo un servizo de hemodinámica de 24 horas de calidade?



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Cales van a ser as condicións laborais das e dos profesionais?

Santiago Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 23/01/2020 17:49:02**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a necesidade de facilitar información sobre as isócronas operativas das ambulancias que prestan servizo na Estrada-Deza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na comarca da Estrada o Deza seguen as alarmas acendidas, o malestar e a preocupación do deficiente servizo de transporte sanitario urxente que teñen. A atención ás urxencias extrahospitalarias é un servizo vital, xa que diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental. Por esta razón veñan reclamando dende fai tempo a dotación dunha ambulancia de Soporte Vital Avanzado (SVA).

Tras a morte dun veciño de Dozón, mentres agardaba pola chegada dunha ambulancia que o atendera, a Xunta de Galiza lonxe de dar garantías e tranquilidade á poboación, agóchase detrás de datos e informacións como mínimo dubidosos.

Por esta razón formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cales son as isócronas operativas das ambulancias que prestan servizo para o 061 con base en Lalín, Silleda e a Estrada, dos días 12 e 13 de outubro de 2019?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cales son as isócronas operativas da ambulancia de Protección Civil da Estrada que presta servizo para o 061 dos días 12 e 13 de outubro de 2019?

Cales son asisócronas operativas da ambulancia de apoio con base en Lalín desde o inicio do novo contrato, a principios do mes de decembro 2019, do Servizo de Transporte Urxente Sanitario Terrestre para a Fundación Pública 061?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 17:51:58**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 17:52:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 17:52:12**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 17:52:18**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 17:52:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 17:52:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á atención da cirurxía pediátrica en Ourense.

A sanidade debera ser entendida por parte da Administración galega como un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas, máis aínda cando falamos da poboación infantil. Porén, para o caso de Ourense as decisións durante anos dos gobernos Feijóo camiñaron en dirección contraria.

Así as cousas, durante os primeiros días do mes de outubro de 2013 coñeceuse publicamente a confirmación da decisión unilateral do SERGAS de constituír para a cirurxía pediátrica unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza. Esta decisión supuxo na práctica que moitas familias e crianzas de Ourense que precisen deste servizo fóra da xornada ordinaria e da programación teñan que desprazarse a Vigo para o empregar e aínda a día de hoxe continúa sen resolverse. Máis aínda, este grupo parlamentar recibiu denuncias de persoas afectadas que referiron o empeoramento do servizo chegando a vivir situacións nas que os preoperatorios caducaron e se incumpriron os prazos de agarda fixados pola normativa. Polo tanto, varios anos despois da implantación do sistema, urxe a súa revisión.

Así mesmo, existe un problema global en toda a área sanitaria de falta de planificación do relevo xeracional e do intento de aplicar unha axenda oculta en materia





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de desmantelamento pediátrico e recentralización de servizos, como demostrou o acontecido en Verín, sumado a unha nefasta política de organización e condicións laborais, como acreditan numerosas sentencias xudiciais.

Finalmente, ademais da lista de espera oculta en materia de pediátría hospitalaria, son constantes os problemas de falta de persoal nos centros de atención primaria.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións levará a cabo a Xunta de Galiza para que a falta de atención pediátrica da poboación das comarcas de Ourense sexa a adecuada?

-Que actuacións está a levar a cabo o goberno galego para planificar o relevo xeracional na atención primaria? E na hospitalaria?

-Cal é o dato real de lista de agarda en pediátría hospitalaria dos tres hospitais de Ourense? Do CHUO? Do Barco? De Verín?

-Que actuacións levará a cabo a Xunta de Galiza para corrixir as deficiencias na atención de cirurxía pediátrica das e dos doentes de Ourense?

- Ten pensado o goberno galego rectificar a súa decisión de unificar a atención da cirurxía pediátrica das áreas de Vigo e Ourense?

- É consciente o goberno galego das dificultades e mesmo situacións traumáticas que pode supoñer para unha crianza de, por exemplo, o Ourense oriental, desprazarse até Vigo para unha intervención?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Ten cuantificado o goberno galego o gasto económico e de recursos persoais e materiais que supoñen estes desprazamentos para o SERGAS?
- Como valora o goberno galego a ratio de espera das persoas doentes de esta área?
- Considera o goberno galego que a precarización da atención dun servizo elemental para a seguridade da poboación infantil contribúe a fixar poboación e reverter a crise demográfica?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 18:11:15**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 18:11:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 18:11:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 18:11:39**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 18:11:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 18:11:52**



## Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Carmen Santos Queiruga, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Diferentes colectivos de traballadores e asociacións profesionais do ámbito das Emerxencias en Galicia, levan tempo denunciando as graves carencias na xestión e organización das Emerxencias. Denuncian a falta de actualización do mapa dos servizos de intervención, a arbitrariedade na cobertura xeográfica dos recursos, a existencia dun desequilibrio territorial na protección da cidadanía, así como a falta de verdadeiros criterios técnicos na mobilización de medios. Todas estas carencias provocan unha improvisación constante que aumenta as posibilidades de actuacións negligentes.

Ademais, todo isto, nun contexto no que servizos que resultan totalmente esenciais como pode ser o 112, atópanse privatizados e respondendo máis a intereses de carácter empresarial que ao propio interese xeral que debe condicionar o funcionamento dun servizo destas características.

En novembro deste ano, remata o contrato da concesión, polo que existe unha oportunidade de asumir a xestión directa do mesmo, principalmente si temos en conta que o custe sería incluso menos do que se está a licitar, xa que todo o material e infraestrutura é da propia Xunta de Galicia, o que podería incluso empregarse para dotar o mesmo de máis persoal e mellor material ao non ter que contar co lucro da empresa que explota a concesión.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda pregunta:

- Está estudando o Goberno da Xunta de Galicia a posibilidade da xestión directa deste servizo?
- Ten calculado o Goberno o que supón a nivel económico o mantemento do servizo respecto á xestión directa ou indirecta?
- Cando ten pensado o Goberno escoitar as demandas das e dos profesionais que traballan nas emerxencias para realizar as actuacións e dotacións de medios necesarias?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández,  
Carmen Santos Queiruga  
Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 23/01/2020 18:15:47**

**Carmen Santos Queiruga na data 23/01/2020 18:15:57**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a posta en marcha das medidas contempladas na moción aprobada polo Parlamento Galego no pleno do 17 de decembro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do día 17 de decembro de 2019 o Parlamento Galego aprobou a moción presentada polo BNG co seguinte texto:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Presentar no Parlamento un informe detallado do accidente do “Blue Star”, na ría de Ares, dende o seu inicio até o momento actual, no que como mínimo conste:

- a) Por que saíu o buque do seu fondeadoiro en Ares, cando había alerta amarela pola intensidade do vento, mar de fondo e ondas de cinco metros.
- b) Quen autorizou ou permitiu o movemento do buque e se foi monitorizado ou controlado o seu movemento.
- c) En que momento se ten coñecemento, ou se preveu, a colisión do buque con terra, e que medidas se adoptaron.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

d) Que medidas se adoptaron por este motivo, e en que momento, que dispositivo de salvamento marítimo se activou, e a partir de que momento en cada caso.

e) Que relación institucional mantivo o Goberno español (Subdelegación, capitanías, Salvamento Marítimo) coa Xunta de Galiza durante todo este proceso.

f) Cal foi a participación na Xunta de Galiza na toma de decisións.

g) Que investigación, obxectiva e neutral, se vai realizar para esclarecer os motivos e circunstancias que rodean o accidente.

h) Que se vai facer co “Blue Star”.

2.- Proceder a manter informado de xeito permanente ao sector pesqueiro e marisqueiro eventualmente afectado (confrarías e agrupacións de Ares, Pontedeume, Miño, Sada, Lorbé e A Coruña).

3.- Poñer en marcha todas as medidas precisas para garantir a protección do ecosistema mariño e a actividade produtiva pesqueira marisqueira da ría de Ares.

4.- Poñer en marcha todas as accións precisas, incluídas liñas de axudas, para garantir, dun xeito áxil, as rendas do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Ares, diante da comunicación ás confrarías da prohibición de faenar a menos dunha milla do lugar no que está embarrancado o “Blue Star”.

5.- Esixir a garantía de dotación de medios, sistemas e protocolos de control para enfrontar calquera incidente ou accidente marítimo que se poida producir no futuro na ría de Ares, na súa condición de zona de servizo ou fondeadoiro dos portos de A Coruña e Ferrol.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por as razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas das aprobadas na moción se están efectivizando?

En que consisten? En que data se iniciaron?

Puxéronse en marcha todas as accións precisas, incluídas liñas de axudas, para garantir, dun xeito áxil, as rendas do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Ares, diante da comunicación ás confrarías da prohibición de faenar a menos dunha milla do lugar no que está embarrancado o “Blue Star”?

En que data e que cantidades económicas se destinaron a este fin?

En que data te previsto presentar no Parlamento o informe detallado do accidente do “Blue Star”, na ría de Ares?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 18:22:25**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 18:22:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 18:22:48**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 18:22:54**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 18:23:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 18:23:08**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

